4º. Organización con responsabilidade o hábito de estudio individual e de grupo, que permita progresar na montaxe das obras:

a) traballando por seccións con colaboración entre os compañeiros, con actitude de equipo flexible, valorando as achegas propias e alleas;
b) interpretando obras reducindo ao mínimo posible o número de alumnado por corda;
c) participando con agrado e prontitude nas actividades;
d) anotando as indicacións que se acorden sobre a interpretación...

5º. Interese pola adquisición e ampliación de coñecementos, información e experiencias de aprendizaxe.
6º. Respecto e desfrute das obras que se interpretan e do coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ó que pertencen.
7º. Experimentación e valoración do silencio na práctica en grupo, como base

a) da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo.
b) do traballo en grupo.
c) da afinación a partir de o "a" do óboe, tras os minutos iniciais destinados ó quentamento.

8º. Coñecemento e control da relaxación no hábito de estudio individual e nas experiencias de grupo (clase, ensaios, concertos, ...), mostrando interese en mellorar aspectos concretos sucesivamente, para poder desfroitar progresivamente dunha capacidade comunicativa cada vez máis satisfactoria.

9º. Participación con motivación nos ensaios extraordinarios, que puidesen ser necesarios para a preparación de concertos.
10º. Utilización en clase, concertos, ensaios e estudio persoal o material axeitado, e mante-lo en bo estado.
11º. Asistencia a clase e ós concertos con puntualidade.
12º. Participación na elaboración e elección de hipotéticos programas de concerto.

Asé, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, conlevará acadar tamén a metade dos contidos, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Dito doutra forma, será requisito para a realización da media aritmética, superar os mínimos esixibles de cada bloque –superar mínimamente os contidos-.

Asemesmo, en coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación da metade dos contidos, que a continuación se enumeran, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

Dito doutra forma, será requisito para a realización da media aritmética, superar os mínimos esixibles de cada bloque –superar mínimamente os contidos-.

### 4.2.1. CONTIDOS DE 3º DE CONXUNTO DE PIANO.

No **conxunto de 3º de piano**, os contidos específicos son os seguintes:

**a) Acordes:**

-Coñecemento e práctica das tríadas maiores, menores e diminuídas, así como dos acordes de Dominante con 7ª.

**b) Improvisación:**

-Aplicación de diferentes estruturas rítmicas a exercicios dun só acorde. Uso de tríadas maiores, menores e diminuídas.

-Realización de acompañamentos ao piano enlazando sucesións de acordes e usando diferentes rítmicas tanto placadas como cos acordes despregados. Uso de tríadas maiores, menores e diminuídas.

-Concepto de Motivo Melódico.

-Improvisación de melodías nun ámbito modal partindo dun acorde ou dunha escala, usando todas as súas notas e con liberdade total ou case total na súa creación. Acompañamentos fixos tipo ostinato, de modo que a atención se centre na creación melódica.

-Cifrado Americano. Coñecemento do cifrado. Interpretación de pezas a partir de guiones(sólo melodía e harmonía) escritos con este tipo de cifrado. Realización de acompañamentos a partir de guións (só melodía e harmonía) escritos con este tipo de cifrado. Tríadas maiores, menores e diminuídas. Dominantes con 7ª.

-O Blues: Coñecemento e práctica desta forma musical. Interpretación de diversos blues de doce compases usando tríadas. Pequenas improvisacións baseadas en motivos apropiados seguindo a harmonía das pezas. Todo iso, de memoria, sen a partitura.

**c) Baixo cifrado:**

-Realización ao piano de baixos cifrados a catro partes, usando os enlaces de voces tradicionais con acordes en Estado Fundamental. Uso de diferentas rítmicas. Tríadas maiores, menores e disminuídas. Enlace V-VI.Enlace II-V en modo menor. O acorde diminuído sobre a sensible.

**d) Lectura e Transporte:**

-Análise de obras pianísticas.

-Lectura destas comprendendo os seus elementos.

-Lectura harmónica prescindindo das cuestións rítmicas e melódicas. Reducción harmónica.

-Transporte de obras pianísticas atendendo preferentemente ao elemento harmónico.

-Teoría do transporte.

### 4.2.2. CONTIDOS DE 3º DE CONXUNTO DE CLAVE.

No **conxunto de clave**, ademáis dos contidos dos 4 bloques anteriores, se engaden os seguintes contidos específicos.

1. Coñecemento das tonalidades, e maneira de aplica-las ó teclado de forma instantánea e intuitiva.
2. Ademáis, ó realizar as cifras, ejecución dentro do ritmo que marca a escritura.
3. Coñecemento dos tratados de Baixo Continuo na medida en que en clase se poida ir dispoñendo de eles.
4. Realización das táboas do tratado de D'Andrieu tal e como indica o seu autor.
5. Practica da lectura a primeira vista utilizando o Microcosmos de Bela Bartok.
6. Realización de audicións do repertorio do clave.

### 4.3.- RECURSOS DIDÁCTICOS (ENFOQUE METODOLÓXICO).

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan na epígrafe **4.10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza-aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

En canto ó **curso 3º de conxunto de piano**, as clases se impartirán en grupos de tres, incluso de dous si o número de alumnos matriculados o esixese pero nunca de máis de tres. A razón de traballar cun número tan reducido é que ello permite facer traballo de grupo e á vez atender individualmente a cada alumno. A clase en grupo é enriquecedora por nutrirse cada alumno das ideas dos demáis e o número reducido axuda a impedir que algún alumno con carenzas se quede rezagado con respecto ós otros. Esta estructura da clase unida ó feito de que o aula na que se imparte dispone de número suficiente de teclados fai que os alumnos estén continuamente ó piano permitindo con ello que cualquier concepto teórico se leve á práctica de inmediato e impidindo as distraccións tan comúns en grupos máis grandes. Debido a esto, todas as cuestións teóricas que se sinalan nos contidos, se entende que serán realizadas, non sobre papel senon directamente no piano, e como norma xeral non se tratarán contados teóricos que non vaian a ser levados á práctica.

Aquí se recollen os instrumentos necesarios para aplicación da metodoloxía.

### 4.3.1. MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, asé como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto. O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

En función do anterior, e de forma orientativa, como material curricular, un listado orientativo de partituras podería ser o que aparece no epígrafe 8 desta programación, referinte ás probas de acceso ós diferentes cursos. Se poderán audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, asé como bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

### 4.3.2. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS.

Os recursos humáns están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación. Contextualizados neste centro os recursos materiais son os seguintes:

1. Aula con espazo abondo para albergar un grupo estabel de Conxunto.
2. En cada aula, un ou dous pianos cos seus asentos regulable(mínimo tres pianos electrónicos e ordenador, no caso do Conxunto de 3º).
3. En cada aula, reprodutor de CD, metrónomo, atrís, sillas e lousa pautada.
4. No departamento, reprodutor de DVD, televisor e gravadora dixital.
5. No centro, videocámara dixital.
6. Sala de audicións, cabinas de estudio e biblioteca.
7. Auditorio, con equipo de gravación.
8. Na biblioteca, ordenadores con conexión a Internet, como tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten o acceso a materiais didácticos, información en materia de educación, asé como a comunicación entre o/as integrantes da comunidade educativa.

### 4.3.3. MEDIOS.

Son o propio sistema educativo, a L.O.E. na súa concreción autonómica, os documentos de organización do centro, incluída esta programación de Conxunto e a linguaxe técnica empregada.

### 4.4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os criterios xerais da L.O.E. para esta materia son os que a continuación se especifican. A ensinanza da práctica de Conxunto no grao profesional tenrá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das capacidades no alumnado, o que se avaliará mediante os seguintes criterios de avaliación:

1. Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente.
*Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.*
2. Actuar como responsabel do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede.
*Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Asemade pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.*
3. Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.
*Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez e comprensión da obra.*
4. Estudar na casa as obras correspondintes ó repertorio programado.
*Mediante este criterio preténdese avaliar lo senso da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro do mesmo e o respecto pola interpretación musical.*
5. Interpretar en público obras do repertorio para conxunto.
*Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ó carácter e ó estilo da música interpretada..*
6. O alumnado debe mostra-los coñecementos mediante a interpretación das obras de estilo traballadas na aula.
*Verifícase así a asimilación e superación dos contidos do curso. Valórase:*
*- o desenrrolo técnico e nivel adquirido;*
*- a produción do son;*
*- a calidade do son, dinámicas, vibrato e afinación;*
*- fidelidade ou texto, mediante o control das pasaxes musicais, así como o seu dominio técnico;*
*Tamén, na execución en grupo valórase:*
*- a interpretación musical, en canto o carácter e estilo;*
*- a memoria musical;*
*- o equilibrio sonoro cos instrumentos que lle acompañan.*

Tanto os obxectivos, como os contidos e criterios de avaliación son unha iniciación no primeiro curso da materia, sobre os que se afonda continuamente ó longo dos seguintes cursos, xa que o currículo no que se fundamenta é en espiral, isto é, que se reforzan e amplian progresivamente os aspectos que se practican dende o comenzo destes estudos.

Os CRITERIOS ESPECÍFICOS que desenrolan os xerais e sobre os que se aplicará a avaliación do alumnado e secuencian os xerais anteriores, corresponíndose directamente cos obxectivos e contidos deste curso.

Según o expresado nos dous parágrafos anteriores, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, **os mínimos exixibles** para aprobar a asixnatura cada trimestre, consiste en acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques que os vertebran, asé como o repertorio practicado. Asé habería que superar trimestralmente:

A) Acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. (50%). Desta forma se valorarán a aprendizaxe e o coñecemento adquirido do repertorio dunha forma específica e detallada. Asé habería que superar trimestralmente:

a) Lectura: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
b) Interpretación: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
c) Público: 1 criterio dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
d) Actitude: 6 criterios dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

B) Superar todo o repertorio practicado durante cada trimestre, que é un tercio do repertorio do curso (50%). Desta forma se valorarán a aprendizaxe e o coñecemento adquirido do repertorio dunha forma máis global.

En coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación destes **mínimos exixibles**:

A) Acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques que os vertebran, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. (50%). Asé habería que superar:

a) Lectura: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
b) Interpretación: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
c) Público: 1 criterio dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
d) Actitude: 6 criterios dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

B) Superar todo o repertorio practicado durante o curso. (50%).

A continuación se concretan os criterios que conteñen os bloques de Lectura, Interpretación, Público e Actitude.

**a) Lectura.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente todas as obras do curso individual e colectivamente.

2º. Coñecer e manexar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...

3º. Ler, individual e colectivamente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras.

4º. Ler a primeira vista, individual e colectivamente, polo menos unha obra propia do nivel.

5º. Esmiuzar e reforzar dentro do hábito de estudio individual, as pasaxes musicais que presentan unha dificultade motora no momento da lectura, para permitir o progreso na montaxe das obras, e demostrar autonomía no estudio.
6º. Desenvolver a memoria mediante a interpretación, na asimilación das obras.

**b) Interpretación.**
1º. Mostrar unha autocrítica construtiva que enriqueza a formación do criterio de interpretación persoal, e empregar este criterio persoal para valora-la interpretación propia e do grupo dentro do plan de traballo colectivo, a análise dos recursos interpretativos e práctica gradual de obras de diversos estilos e épocas.
2º. Desenvolver progresivamente o oido interno e harmónico prestando atención á afinación, cor e calidade tímbrica axeitados ó contido musical, empaste e o resultado global das partes: igualdade nos golpes de arco e ataques...
3º. Coñecer e responder ós xestos do alumno que exerza como responsable no grupo: anacrusa como movemento básico da práctica orquestral, diferentes tipos de anacrusas...
4º. Experimentar coas posibilidades sonoras do propio instrumento, e afondar progresivamente para conseguir efectos distintos nunha mesma pasaxe.
5º. Interpretar intervalos consonantes e disonantes de crecente dificultade, como afianzamento da afinación das obras do repertorio.
6º. Analizar versións de obras do repertorio.

**c) Público.**
1º. Participar nos concertos que se organicen co fin de comunicar o repertorio aprendido e reforzar o proceso de aprendizaxe.
2º. Mellorar progresivamente na aplicación das aprendizaxes desenvolvidas no aula á interpretación en público.

**d) Actitude.**
1º. Participar con motivación e superación nas experiencias do propio proceso de aprendizaxe, disfrutando da contribución á unidade sonora do feito musical, mediante a escoita global das partes, como base para integrar a propia parte nesta unidade sonora, adquirindo unha progresiva seguridade persoal niso e valorando esta práctica como preparación para o futuro exercicio profesional.
2º. Autoavaliar e mellorar a percepción persoal do empaste e compenetración da unidade sonora como contribución á formación dun só son, con progresiva capacidade de reacción e reflexos no emprego dos recursos técnicos adecuados en cada momento da interpretación (flexibilidade no emprego de distintos ataques, articulacións, dixitacións, tímbrica, aplicación con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento).
3º. Valorar, respectar e asimilar como algo propio, o comportamento, a cooperación e as normas que levan consigo a actividade de grupo, respondendo ó compromiso que se adquire coa música e compañeiros.
4º. Organizar con responsabilidade o hábito de estudio individual e de grupo, que permita progresar na montaxe das obras:

a)traballando con colaboración entre os compañeiros, con actitude de equipo e flexible, valorando as achegas propias e alleas;

b)participando con agrado e prontitude nas actividades;

c)anotando as indicacións que se acorden sobre a interpretación...

5º. Interesarse pola adquisición e ampliación de coñecementos, información e experiencias de aprendizaxe.
6º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.
7º. Experimentar e valora-lo silencio na práctica en grupo, como base

a) da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo.
b) do traballo en grupo.
c) da afinación a partir de o "a" do óboe, tras os minutos iniciais destinados ó quentamento.

8º. Coñecer e controla-la relaxación no hábito de estudio individual e nas experiencias de grupo (clase, ensaios, concertos,...), mostrando interese en mellorar aspectos concretos sucesivamente, para poder desfroitar progresivamente dunha capacidade comunicativa cada vez máis satisfactoria.
9º. Participar con motivación nos ensaios extraordinarios, que puidesen ser necesarios para a preparación de concertos.
10º. Utilizar en clase, concertos, ensaios e estudio persoal o material axeitado, e mante-lo en bo estado.
11º. Asistir a clase e ós concertos con puntualidade.
12º. Participar na elaboración e elección de hipotéticos programas de concerto.

Asé, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, conlevará acadar tamén a metade dos criterios, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Dito doutra forma, será requisito para a realización da media aritmética, superar os mínimos esixibles de cada bloque –superar mínimamente os criterios-.

Asemesmo, en coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación da metade dos criterios, que a continuación se enumeran, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

Dito doutra forma, será requisito para a realización da media aritmética, superar os mínimos esixibles de cada bloque –superar mínimamente os criterios-.

## 4.4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 3º DE CONXUNTO DE PIANO.

No **conxunto de 3º de piano**, os criterios de avaliación específicos son os seguintes:

**Primeira Avaliación**

1.- Coñecer de maneira clara, rápida e segura os intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.

2.- Coñecer as tríadas maiores, menores e diminuídas no teclado.

3.- Realizar no piano, as fórmulas harmónicas cadenciais a catro partes usando os graos da escala. Usar diferentes rítmicas.

4.- Realizar baixos cifrados ao piano usando os enlaces tradicionais: Enlace II-V en modo menor.

5.- Coñecer e practicar os mecanismos propios da tonalidade menor.

**Segunda Avaliación**

1.- Coñecer de maneira clara, rápida e segura os intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.

2.- Coñecer e practicar as Sétimas de Dominante no teclado.

3.- Coñecer e practicar os símbolos do cifrado Americano para as Sétimas de Dominante. Interpretar guións, tocando melodía e harmonía acompañante.

4.- Coñecer e practicar a estrutura formal e os acordes básicos do Blues.

5.- Realizar baixos cifrados ao piano usando os enlaces tradicionais: Enlace II-V en modo menor. Enlace V-VI.

**Terceira Avaliación**

1.- Coñecer de maneira clara, rápida e segura os intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.

2.- Coñecer de maneira clara, rápida e segura as tríadas maiores, menores e diminuídas así como os acordes de Dominante con 7ª.

3.- Realizar baixos cifrado ao piano usando os enlaces tradicionais: Enlace V-VI. Utilizar o acorde diminuído sobre o segundo grao do modo menor. Empregar o acorde diminuído sobre a sensible.

4.- Realizar ao piano fórmulas acompañantes como soporte dunha melodía dada, usando o cifrado americano. Interpretación de guións, tocando melodía e harmonía acompañante. Utilizar acordes maiores, menores, diminuídos e Sétimas de Dominante.

5.- Interpretar os Blues vistos no curso. Improvisar sobre a súa estructura harmónica.

6.- Realizar ao piano fórmulas harmónicas cadenciais a catro partes usando os graos da escala. Uso de diferentes rítmicas.

### 4.4.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 3º DE CONXUNTO DE CLAVE

No **conxunto de clave**, ademáis dos criterios dos 4 bloques redactados no epígrafe 4.4., se engaden os seguintes criterios específicos.

1. Coñecer perfectamente as tonalidades e intervalos
2. Ler a primeira vista unha obra sinxela e de pouca dificultade
3. Coñece-la teoría do baixo cifrado no barroco
4. Realizar baixos cifrados sinxelos do libro de Corrette

### 4.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os criterios de cualificación están en función dos criterios de avaliación do epígrafe anterior. Tanto a **cualificación trimestral** como a **final**, resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos -lectura, interpretación, público e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos catro bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **catro bloques**, será media aritmética dos mesmos.

### 4.5.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE 3º DE PIANO.

No caso de conxunto de 3º de piano, a **cualificación trimestral** e a **final**, resulta da **media aritmética dos criterios aplicados en cada trimestre**, a saber, 5 no primer trimestre, 5 no segundo 6 no terceiro.

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10.

### 4.5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DE 3º DE CLAVE.

Tamén, no caso do conxunto de clave, de forma semellante á cualificación dos cursos anteriores, a **cualificación trimestral** e a **final**, resulta da **media aritmética dos tres devanditos apartados**, - (A+B+C)/3 -, a saber neste caso:

A) O conxunto de <u>bloques de criterios específicos</u> (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O conxunto de cinco criterios específicos do anterior apartado de clave.

C) O apartado da <u>práctica do repertorio</u> (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **catro bloques**, tanto no apartado de criterios A), como o B), será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

### 4.6. – PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
### 4.6.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS.

Para un correcto seguimento do alumnado na materia de Conxunto, precísase empregar diferentes tipos de **avaliación**. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- **Avaliación inicial:** é necesaria ó principio de cada curso para detecta-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.
- **Avaliación continua:** Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.

- **Avaliación formativa:** Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos objectivos.
- **Avaliación sumativa:** Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente ó final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Orquestra, Banda, Coro, Música de Cámara e Conxunto, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical, como compoñente da Orquestra ou Banda.

No caso concreto de **Conxunto de 3º de piano,** a avaliación será continua e tomaranse en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase. Estará complementada por algunhas probas no aula. Delas, a que se refire a interválica e armaduras das tonalidades, será eliminatorio, é dicir, que se non se supera, non se aproba a avaliación correspondente. Poderá ser oral ou escrita e realizarse en calqueira momento do curso. En caso de ser escrita, consistirá nun exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras, deberá estar totalmente correcta e o alumno disporá de dous minutos para realizala.

Tamén será condición imprescindible para aprobar, demostrar que se coñecen os acordes tratados durante o curso. O alumno deberá simplemente tocar no piano os acordes que lle indiquen. Porá dispoñelos no teclado ao seu gusto e haberá de facelo con rapidez e seguridade, mostrando que os coñece sen titubeos.

Ao final de curso, e con independencia do nivel alcanzado noutras materias da materia, todos os alumnos deberán facer as dúas probas sobre as citadas cuestións de interválica e armaduras das tonalidades e sobre o coñecemento dos acordes tratados. Pasar estas probas será condición imprescindible para aprobar o curso.

### 4.6.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS.

#### 4.6.2.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

Se prevén procedementos de avaliación alternativos para o alumnado que perde a avaliación continua.

Establécese que con **catro fallas de asistencia** sen xustificar, o alumnado perde o dereito á avaluación continua, mais non o dereito a asistir ás clases semanais. Ó final do curso terá que facer unha proba co profesor da materia, que verse sobre os contidos correspondentes ó seu curso, interpretando en grupo interpretando **xunto ós seus compañeiros de clase**.

O profesorado da materia informará ó alumnado que perda a avaliación continua das partes e repertorio sobre os que versará a proba. Esta información se poderá facilitar a petición do alumnado interesado, através de diversos canles, coma a propia clase, as tutorías ou correo electrónico, preferintemente.

A proba consistirá en:

1. - Interpretar obras de conxunto, **xunto ós seus compañeiros de clase**, se é o caso da especialidade (ver a especificidade de Conxunto de Piano e Clave, máis abaixo). Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

## 4.6.2.1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA proba por Pérdida de Avaliación Continua son os seguintes:

**a) Lectura e interpretación.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente e colectivamente.

2º. Coñecer e interpretar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...

3º. Tocar individualmente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras. Valórase:

- Dominio técnico: a produción e calidade do son, vibrato e afinación.
- Realización de dinámicas.
- Fidelidade ó texto atendendo ó ritmo.
- Memoria musical (a necesaria para interaccionar co seu grupo non dependendo da partitura).

4º. Tocar a primeira vista individualmente, polo menos unha obra propia do nivel.

**b) Actitude.**

1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.

2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).

3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.

4º. Utiliza- lo material axeitado.

## 4.6.2.1.1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONXUNTO DE 3º DE PIANO POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

No caso do **Conxunto de 3º de piano**, se o número de faltas do alumnado a clase impedise a súa avaliación ordinaria ou o fixese perder o seu dereito á Avaliación Continua, poderáselle avaliar por medio dun exame que versará sobre os apartados que a continuación se sinalan nestes Criterios de Avaliación. Se esta circunstancia se dera ao final do curso, o exame poderá incluir materia das tres Avaliacións.

Polo demáis, a proba por pérdida de avaliación continua consistirá no seguinte:

a) Realización dun exercicio con cuestións de interválica e armaduras das tonalidades.
b) Tocar no piano acordes tríada e de Sétima de Dominante co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
c) Realización ao piano a catro partes dun baixo cifrado usando os enlaces de voces tradicionales.Incluirá triadas maiores, menores e diminuídas en Estado Fundamental.
d) Interpretación ao piano do acompañamento dunha melodía escrito con cifrado Americano. Incluirá tríadas maiores e menores, disminuídas e Sétimas de Dominante.
e) Interpretación ao piano dos blues vistos durante o curso. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.
f) Realización no piano, de dúas sucesións harmónicas a catro partes usando os graos da escala. Uso de diferentes rítmicas.
g) Análise, lectura e transporte dunha peza pianística acompañante ou non.

Os **criterios de avaliación** destas probas son os seguintes:

**-Apartado a):** O alumno disporá de dous minutos para resolver por escrito un exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras e deberá contestalos correctamente todos. É dicir, que se as notas do intervalo polo que se lle pregunta forman, por exemplo, unha 5ª xusta, deberá responder que é unha 5ª xusta e se a tonalidade en cuestión ten, poñamos, tres díeses, ha de responder que tres díeses.
Este exercicio terá carácter eliminatorio. Esto quere dicir que se non pasa esta prueba, habrá suspendido definitivamente o curso.

**-Apartado b):** O alumno terá que tocar no piano de forma inmediata e sen preparación previa un total de vinte acordes dos diferentes tipos indicados. Porá dispoñelos no piano ao seu gusto. Deberá tocalos todos correctamente e sen titubeos. Isto quere dicir que se se lle manda tocar unha acorde de A bemol Maior, debe tocar un acorde de A bemol Maior; se se lle manda tocar un de Fa sostido menor, debe tocar un de Fa sostido menor e así sucesivamente. Este exercicio terá tamén carácter eliminatorio. Esto quere dicir que se non pasa esta proba, suspendería definitivamente o curso.

**-Apartado c):** O alumno interpretará ao piano a catro voces e cos enlaces harmónicos tradicionais os acordes indicados no baixo dado. Tocará o propio baixo coa man esquerda e as outra tres voces coa derecha. Deberá aterse a un tempo e tocar con regularidade e continuidad. Disporá de dous minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluirá en ningún caso o uso do piano.

**-Apartado d):** Para esta proba, o alumno utilizará guións con melodía e cifrado e deberá tocar tanto o acompañamento só como a melodía co seu acompañamento. Terá que tocar os acordes que en cada guión aparezan, de modo que, se o acorde indicado é, poñamos, Do menor, deberá tocar o acorde de Do menor e se o guión indica que o acorde é Mi Mayor, tocará Mi maior. Interpretará as pezas utilizando un deseño rítmico que sirva de acompañamento á melodía e polo tanto, con continuidade rítmica, sen interrupcións nin paradas non indicadas na partitura. Cando acompañe, o xeito de enlazar cada acorde co seguinte seguirá as pautas propias dun acompañamento pianístico, evitando saltos ao pasar dun a outro. Deberá manter o tempo indicado, é dicir, que se se indica que a negra vai a 84 pulsacións por minuto, deberá tocala a 84 pulsacións por minuto.
**-Apartado e):** O alumno deberá interpretar ao piano, de memoria, o blues vistos en clase durante o curso. Terá que aterse ao tempo correspondente e tocar con regularidade e continuidade, sen interrupcións nin paradas non pertinentes. Non poderá usar partitura nin ningún tipo de guión.
**-Apartado f):** Ao alumno presentaránselle dúas sucesións harmónicas con números romanos indicando os graos e deberá interpretalas ao piano a catro partes nas tonalidades, compases e cos ritmos que se lle indique. Ha de tocar os acordes enlazados, sen interrupcións, repeticións nin paradas non indicadas, de modo que haxa continuidade rítmica.
**-Apartado g):** O alumno deberá identificar correctamente os acordes da peza, é dicir, que se hai unha acorde de La Maior, deberá dicir que hai un acorde de La Maior e se o acorde é de Re menor, entón dirá que o acorde é de Re menor. Terá tamén que tocala e transportala ás tonalidades que se lle indique, e todo iso con corrección melódica, harmónica e rítmica, é dicir, que se a partitura pon o Mi, Re, Do, deberá tocar Mi, Re, Do e se pon corchea con punto, pois terá que tocar corchea con puntillo. Terá que o facer respectando o tempo sinalado, ou sexa, que se se indica que a negra vai a 80 pulsacións por minuto, deberá tocar a peza a 80 pulsacións por minuto. Disporá de dez minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluirá en ningún caso o uso do piano.

### 4.6.2.1.1.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONXUNTO DE 3º DE CLAVE POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

No caso do **conxunto de clave**, a proba por pérdida de avaliación continua se basará nos contidos traballados trimestralmente, os cales formarán parte dos seguintes criterios específicos de avaliación, como mínimos esixibles:

1. Coñecer perfectamente as tonalidades e intervalos.
2. Leer a primeira vista unha obra sinxela e de pouca dificultade.
3. Coñece-la teoría do baixo cifrado no barroco.
4. Realizar baixos cifrados sinxelos do libro de Corrette.

En consoancia có anterior, a proba por pérdida de avaliación continua no **conxunto de clave** consistirá en:

1. Exercicio de tonalidades e intervalos.
2. Realización dun cifrado propuesto polo tribunal.
3. Realizar dúas das tablas do tratado de D’Andrieu propuestas polo profesor.
4. Práctica da lectura a primeira vista dun fraxmento.

### 4.6.2.1.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para a proba por Pérdida de Avaliación Continua son equivalentes ós explicados no apartado 4.5., mais aplicados ás probas por pérdida de avaliación continua.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os criterios de cualificación son os seguintes:

En **todos os conxuntos excepto piano e clave**, a **cualificación** resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos –lectura e interpretación, e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos dous bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **dous bloques**, será media aritmética dos mesmos.

#### 4.6.2.1.2.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DE 3º DE PIANO POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

No caso de conxunto de 3º de piano, a **cualificación**, resulta da **media aritmética dos criterios** aplicados.

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10.

#### 4.6.2.1.2.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DE 2º DE CLAVE POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

No caso do **conxunto de clave**, a **cualificación** resulta da **media aritmética dos tres devanditos apartados**, - (A+B+C)/3 -, a saber neste caso:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O conxunto de cinco criterios específicos do anterior apartado de clave.

C) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **tres bloques**, tanto no apartado de criterios A), como o B) e C), será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

### 4.6.2.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA UNHA ASIGNATURA PENDENTE.

O alumnado que teña pendente de aprobar a asignatura de CONXUNTO do curso anterior ó que estea matriculado terá dereito de asistir ás clases da materia pendente, polo que a avaliación será continua e tomaranse en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase, culminando a avaliación continua, na calificación de final de curso. Sen embargo, no suposto de perder a avaliación continua ou ter que aterse a uns contidos mínimos, se realizará unha proba, que verse sobre os contidos correspondintes ó curso pendente de aprobar. Se o número de faltas de asistencia se da a final de curso, o examen poderá incluir materia das tres avaliacións.

Así, a proba consistirá en:

1. - Interpretar a só dous obras do repertorio total do curso pendente de aprobar, e que o profesor decidirá no momento da proba (ver a especificidade de Conxunto de Piano e Clave, máis abaixo). Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. – Ler a primeira vista a capella un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

As particellas correspondentes poderán conseguirse a petición do interesado, a través do profesorado que imparta a materia. Valorarase ademais o interese en conseguir con prontitude as particellas que permita a súa preparación para a proba.

#### 4.6.2.2.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA OS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA UNHA ASIXNATURA PENDENTE.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os CRITERIOS DE AVALIACIÓN para a proba por ter a asignatura pendente son os seguintes:

**a) Lectura e interpretación.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente.

2º. Coñecer e interpretar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...

3º. Tocar individualmente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras. Valórase:

- Dominio técnico: a produción e calidade do son, vibrato e afinación.
- Realización de dinámicas.
- Fidelidade ó texto atendendo ó ritmo.
- Memoria musical (a necesaria para interaccionar co seu grupo non dependendo da partitura).

4º. Tocar a primeira vista individualmente, polo menos unha obra propia do nivel.

**b) Actitude.**

1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.

2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).

3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.
4º. Utiliza- lo material axeitado.

### 4.6.2.2.1.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A ASIXNATURA PENDENTE DE 3º DE CONXUNTO DE PIANO.

En **3º de Conxunto de Piano**, en caso de ter que realizala, a proba como asixnatura pendente –estaría pendente se pasase de curso sen aprobala, é dicir, esta proba se faría en 4º do grao profesional- se basará nos seguintes criterios específicos de avaliación.

Polo demáis, a proba por ter a asignatura pendente, consistirá no seguinte:

a) Realización dun exercicio con cuestións de interválica e armaduras das tonalidades.
b) Tocar no piano acordes tríada e de Sétima de Dominante co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
c) Realización ao piano a catro partes dun baixo cifrado usando os enlaces de voces tradicionales.Incluirá triadas maiores, menores e diminuídas en Estado Fundamental.
d) Interpretación ao piano do acompañamento dunha melodía escrito con cifrado Americano. Incluirá tríadas maiores e menores, disminuídas e Sétimas de Dominante.
e) Interpretación ao piano dos blues vistos durante o curso. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.
f) Realización no piano, de dúas sucesións harmónicas a catro partes usando os graos da escala. Uso de diferentes rítmicas.
g) Análise, lectura e transporte dunha peza pianística acompañante ou non.

Os **criterios de avaliación** destas probas son os seguintes:

**-Apartado a):** O alumno disporá de dous minutos para resolver por escrito un exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras e deberá contestalos correctamente todos. É dicir, que se as notas do intervalo polo que se lle pregunta forman, por exemplo, unha 5ª xusta, deberá responder que é unha 5ª xusta e se a tonalidade en cuestión ten, poñamos, tres díeses, ha de responder que tres díeses.
Este exercicio terá carácter eliminatorio. Esto quere dicir que se non pasa esta prueba, habrá suspendido definitivamente o curso.

**-Apartado b):** O alumno terá que tocar no piano de forma inmediata e sen preparación previa un total de vinte acordes dos diferentes tipos indicados. Porá dispoñelos no piano ao seu gusto. Deberá tocalos todos correctamente e sen titubeos. Isto quere dicir que se se lle manda tocar unha acorde de A bemol Maior, debe tocar un acorde de A bemol Maior; se se lle manda tocar un de Fa sostido menor, debe tocar un de Fa sostido menor e así sucesivamente. Este exercicio terá tamén carácter eliminatorio. Esto quere dicir que se non pasa esta proba, suspendería definitivamente o curso.

**-Apartado c):** O alumno interpretará ao piano a catro voces e cos enlaces harmónicos tradicionais os acordes indicados no baixo dado. Tocará o propio baixo coa man esquerda e as outra tres voces coa derecha. Deberá aterse a un tempo e tocar con regularidade e continuidad. Disporá de dous minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluirá en ningún caso o uso do piano.

**-Apartado d):** Para esta proba, o alumno utilizará guións con melodía e cifrado e deber tocar tanto o acompañamento só como a melodía co seu acompañamento. Terá qu tocar os acordes que en cada guión aparezan, de modo que, se o acorde indicado é poñamos, Do menor, deberá tocar o acorde de Do menor e se o guión indica que acorde é Mi Malor, tocará Mi maior. Interpretará as pezas utilizando un deseño rítmic que sirva de acompañamento á melodía e polo tanto, con continuidade rítmica, se interrupcións nin paradas non indicadas na partitura. Cando acompañe, o xeito d enlazar cada acorde co seguinte seguirá as pautas propias dun acompañament pianístico, evitando saltos ao pasar dun a outro. Deberá manter o tempo indicado, dicir, que se se indica que a negra vai a 84 pulsacións por minuto, deberá tocala a 8 pulsacións por minuto.

**-Apartado e):** O alumno deberá interpretar ao piano, de memoria, o blues vistos en clase durante o curso. Terá que aterse ao tempo correspondente e tocar con regularidade e continuidade, sen interrupcións nin paradas non pertinentes. Non poderá usar partitura nin ningún tipo de guión.

**-Apartado f):** Ao alumno presentaránselle dúas sucesións harmónicas con números romanos indicando os graos e deberá interpretalas ao piano a catro partes nas tonalidades, compases e cos ritmos que se lle indique. Ha de tocar os acordes enlazados, sen interrupcións, repeticións nin paradas non indicadas, de modo que haxa continuidade rítmica.

**-Apartado g):** O alumno deberá identificar correctamente os acordes da peza, é dicir, que se hai unha acorde de La Maior, deberá dicir que hai un acorde de La Maior e se o acorde é de Re menor, entón dirá que o acorde é de Re menor. Terá tamén que tocala e transportala ás tonalidades que se lle indique, e todo iso con corrección melódica, harmónica e rítmica, é dicir, que se a partitura pon o Mi, Re, Do, deberá tocar Mi, Re, Do e se pon corchea con punto, pois terá que tocar corchea con puntillo. Terá que o facer respectando o tempo sinalado, ou sexa, que se se indica que a negra vai a 80 pulsacións por minuto, deberá tocar a peza a 80 pulsacións por minuto. Disporá de dez minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluirá en ningún caso o uso do piano.

## 4.6.2.2.1.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A ASIXNATURA PENDENTE DE 3º DE CONXUNTO DE CLAVE.

No caso do **conxunto de clave**, no suposto de perder a avaliación continua ou ter que aterse a uns contidos mínimos, a proba da asixnatura pendente se basará nos seguintes criterios específicos de avaliación, como mínimos esixibles:

1. Coñecer perfectamente as tonalidades e intervalos.
2. Leer a primeira vista unha obra sinxela e de pouca dificultade.
3. Coñece-la teoría do baixo cifrado no barroco.
4. Realizar baixos cifrados sinxelos do libro de Corrette.
5. Acompañar pezas de clave obrigado.

En consoancia có anterior, a proba da asixnatura pendente no **conxunto de clave** consistirá en:

1. Realizar unha proba teórica sobre intervalos e tonalidades.
2. Repentizar unha obra sinxela e de poca dificultade.
3. Realizar un baixo cifrado dunha pequena obra.

### 4.6.2.2.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA OS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA UNHA ASIXNATURA PENDENTE.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para a proba por por ter a asixnatura pendente son equivalentes ós explicados no apartado 4.5., mais aplicados ás probas por ter a asignatura pendente.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os criterios de cualificación son os seguintes:

En **todos os conxuntos excepto piano e clave**, a **cualificación** resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos –lectura e interpretación, e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos catro bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **dous bloques**, será media aritmética dos mesmos.

#### 4.6.2.2.2.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA OS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A ASIXNATURA PENDENTE DE 3º DE CONXUNTO DE PIANO.

No caso de conxunto de 3º de piano, a **cualificación**, resulta da **media aritmética dos criterios** aplicados.

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10.

#### 4.6.2.2.2.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA OS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A ASIXNATURA PENDENTE DE 3º DE CONXUNTO DE CLAVE.

No caso do **conxunto de clave**, a **cualificación** resulta da **media aritmética dos tres devanditos apartados**, - (A+B+C)/3 -, a saber neste caso:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O conxunto de cinco criterios específicos do anterior apartado de clave.

C) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **tres bloques**, tanto no apartado de criterios A), como o B) e C) será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

### 4.6.2.3. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA A OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.

Mediante a orde do 10 de marzo de 2009, publicada no D.O.G. se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra.

A matrícula de honra concederase ao alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acade a cualificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro, ou polo Decreto 204/2007, do 11 de outubro, publicado no D.O.G.

A concesión de matrículas de honra cumprirá os seguintes supostos:

a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.

b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento didáctico responsable da materia, por instancia do profesor ou profesora que a imparta.

c) As propostas do departamento elevaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que redactará a acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

d) Darase traslado da acta ao secretario ou secretaria do centro para que engada os resultados nos expedientes académicos correspondentes do alumnado.

e) A concesión da matrícula de honra consignarase nos documentos de avaliación destas ensinanzas coa expresión “matrícula de honra” a continuación da cualificación numérica obtida.

### 4.7.- MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.

Os casos de recuperación de materia desta asignatura cando o alumnado asiste a clase regularmente, se derivan de suspender probas concretas ó longo dun trimestre. Según isto, os tipos de avaliación aplicados ás medidas de recuperación de contidos son:

- **Avaliación continua:** Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- **Avaliación formativa:** Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.

Os **procedementos de avaliación** que se aplican ás **medidas de recuperación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados ó longo do trimestre son a observación e a audición.

Estas **medidas de recuperación** empregan instrumentos de avaliación que volven a avaliar a asimilación de conceptos, procedementos e actitudes, tralo seu tratamento na aula. Estes **instrumentos de avaliación**, son coherentes cos aplicados nos procedentes de avaliación ordinarios expresados no epígrafe 4.6.1., e son:

- Novos exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- Novos exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

- Revisión da secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- Avaliación de novas audicións en directo, en soporte visual e audio.

O profesorado informará ó alumnado que teña que recuperar materia, das medidas de recuperación concretas que se empregarán para a súa superación. De novo, os criterios de avaliación e mínimos exixibles para aprobar a materia, serán os devanditos no epígrafe 4.4.

A este respecto, como xa se dixo anteriormente, o departamento de Orquestra, Banda, Coro, Música de Cámara e Conxunto organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical, como compoñente dun Conxunto. Estas audicións terán lugar dentro do horario da clase de conxunto, sempre que a súa organización o permita.

## 4.8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO.

O alumnado que suspenda en xuño a materia de CONXUNTO, realizará en setembro unha proba co profesor da materia, que verse sobre os contidos correspondintes ó seu curso, interpretando só unha das partes e sen acompañantes, é dicir, a só.

### CONXUNTO DE PIANO. CURSO 3º

a) Realización dun exercicio con cuestións de interválica e armaduras das tonalidades.
b) Tocar no piano acordes tríada e de Sétima de Dominante co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
c) Realización ao piano a catro partes dun baixo cifrado usando os enlaces de voces tradicionales.Incluirá triadas maiores, menores e diminuídas en Estado Fundamental.
d) Interpretación ao piano do acompañamento dunha melodía escrito con cifrado Americano. Incluirá tríadas maiores e menores, disminuídas e Sétimas de Dominante.
e) Interpretación ao piano dos blues vistos durante o curso. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.
f) Realización no piano, de dúas sucesións harmónicas a catro partes usando os graos da escala. Uso de diferentes rítmicas.
g) Análise, lectura e transporte dunha peza pianística acompañante ou non.

Os **criterios de avaliación** destas probas son os seguintes:

**-Apartado a):** O alumno disporá de dous minutos para resolver por escrito un exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras e deberá contestalos correctamente todos. É dicir, que se as notas do intervalo polo que se lle pregunta forman, por exemplo, unha 5ª xusta, deberá responder que é unha 5ª xusta e se a tonalidade en cuestión ten, poñamos, tres díeses, ha de responder que tres díeses.

Este exercicio terá carácter eliminatorio. Esto quere dicir que se non pasa esta prueba, habrá suspendido definitivamente o curso.

**-Apartado b):** O alumno terá que tocar no piano de forma inmediata e sen preparación previa un total de vinte acordes dos diferentes tipos indicados. Porá dispoñelos no piano ao seu gusto. Deberá tocalos todos correctamente e sen titubeos. Isto quere dicir que se se lle manda tocar unha acorde de A bemol Maior, debe tocar un acorde de A bemol Maior; se se lle manda tocar un de Fa sostido menor, debe tocar un de Fa sostido menor e así sucesivamente. Este exercicio terá tamén carácter eliminatorio. Esto quere dicir que se non pasa esta proba, suspendería definitivamente o curso.

**-Apartado c):** O alumno interpretará ao piano a catro voces e cos enlaces harmónicos tradicionais os acordes indicados no baixo dado. Tocará o propio baixo coa man esquerda e as outra tres voces coa derecha. Deberá aterse a un tempo e tocar con regularidade e continuidad. Disporá de dous minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluirá en ningún caso o uso do piano. Os baixos poderán ser escollidos entre os vistos durante o curso ou ben escritos ex-profeso para o exame. Neste segundo caso, ao tratarse dun exercicio a vista, o tempo de preparación estará en función da duración e dificultade do baixo.

**-Apartado d):** Para esta proba, o alumno utilizará guións con melodía e cifrado e deberá tocar tanto o acompañamento só como a melodía co seu acompañamento. Terá que tocar os acordes que en cada guión aparezan, de modo que, se o acorde indicado é poñamos, Do menor, deberá tocar o acorde de Do menor e se o guión indica que o acorde é Mi Mayor, tocará Mi maior. Interpretará as pezas utilizando un deseño rítmico que sirva de acompañamento á melodía e polo tanto, con continuidade rítmica, sen interrupcións nin paradas non indicadas na partitura. Cando acompañe, o xeito de enlazar cada acorde co seguinte seguirá as pautas propias dun acompañamento pianístico, evitando saltos ao pasar dun a outro. Deberá manter o tempo indicado, é dicir, que se se indica que a negra vai a 84 pulsacións por minuto, deberá tocala a 84 pulsacións por minuto.

**-Apartado e):** O alumno deberá interpretar ao piano, de memoria, o blues vistos en clase durante o curso. Terá que aterse ao tempo correspondente e tocar con regularidade e continuidade, sen interrupcións nin paradas non pertinentes. Non poderá usar partitura nin ningún tipo de guión.

**-Apartado f):** Ao alumno presentaránselle dúas sucesións harmónicas con números romanos indicando os graos e deberá interpretalas ao piano a catro partes nas tonalidades, compases e cos ritmos que se lle indique. Ha de tocar os acordes enlazados, sen interrupcións, repeticións nin paradas non indicadas, de modo que haxa continuidade rítmica.

**-Apartado g):** O alumno deberá identificar correctamente os acordes da peza, é dicir, que se hai unha acorde de La Maior, deberá dicir que hai un acorde de La Maior e se o acorde é de Re menor, entón dirá que o acorde é de Re menor. Terá tamén que tocala e transportala ás tonalidades que se lle indique, e todo iso con corrección melódica, harmónica e rítmica, é dicir, que se a partitura pon o Mi, Re, Do, deberá tocar Mi, Re, Do e se pon corchea con punto, pois terá que tocar corchea con puntillo. Terá que o facer respectando o tempo sinalado, ou sexa, que se se indica que a negra vai a 80 pulsacións por minuto, deberá tocar a peza a 80 pulsacións por minuto. Disporá de dez minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluirá en ningún caso o uso do piano.

## CONXUNTO DE GUITARRA. CURSO 3º

1. Interpretar dúas obras dunha dificultade adecuada, a só e cunha duración de 15 minutos aproximadamente. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.
2. Ler a primeira vista un fragmento polifónico que implique diferentes posicións proposto polo profesorado da materia.

## CONXUNTO DE CLAVE. CURSO 3º

1. Realizar unha proba teórica sobre intervalos e tonalidades.
2. Repentizar unha obra sinxela e de poca dificultade.
3. Realizar un baixo cifrado dunha pequena obra.

## CONXUNTO DE ACORDEÓN. CURSO 3º

1. - Interpretar obras de diferentes estilos con duración total mínima de 30 minutos, a só. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.
2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do profesorado, cun nivel máximo do curso anterior.

As particellas correspondentes poderán conseguirse a petición do interesado, a través do profesorado que imparta a materia. Valorarase ademais a interese en conseguir con prontitude as particellas que permita a súa preparación para a proba.

## 4.8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO.

Os CRITERIOS DE AVALIACIÓN aplicables ás PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO son os seguintes:

**a) Lectura e interpretación.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente.

2º. Coñecer e interpretar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...

3º. Tocar individualmente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras. Valórase:

- Dominio técnico: a produción e calidade do son, vibrato e afinación.
- Realización de dinámicas.
- Fidelidade ó texto atendendo ó ritmo.
- Memoria musical (a necesaria para interaccionar co seu grupo non dependendo da partitura).

**b) Actitude.**

1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.

2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).

3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.

4º. Utiliza- lo material axeitado.

No caso de **3º curso de Conxunto de Piano**, os criterios de avaliación son os que aparecen máis arriba, a continuación do contido da proba.

### 4.8.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para o examen de setembro son equivalentes ós explicados no apartado 4.5., mais aplicados ó examen de setembro.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os criterios de cualificación son os seguintes:

En **todos os conxuntos excepto piano e clave**, a **cualificación** resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos –lectura e interpretación, e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos catro bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **dous bloques**, será media aritmética dos mesmos.

#### 4.8.2.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DE 3º DE PIANO NAS PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO.

No caso de conxunto de 3º de piano, a **cualificación**, resulta da **media aritmética dos criterios** aplicados.

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10.

#### 4.8.2.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DE 3º DE CLAVE NAS PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO.

No caso do **conxunto de clave**, a **cualificación** resulta da **media aritmética dos tres devanditos apartados**, - (A+B+C)/3 -, a saber neste caso:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O conxunto de tres criterios específicos do anterior apartado de clave.

C) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **tres bloques**, tanto no apartado de criterios A), como o B), será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

## 4.9.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Para ampliar a matrícula ó curso seguinte, son necesarias as seguintes circunstancias:

A) Ter superado a totalidade dos criterios de avaliación e interpretación do repertorio do curso matriculado, no momento da ampliación da matrícula, o cal, se haberá avaliado polo **PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN ORDINARIA** e continua, tomando en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase, e basandose nos criterios que se reflicten no epígrafe **4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**.

B) Previa solicitude do alumnado, o profesorado correspondente realizará **probas específicas** ó final do primeiro trimestre, que complemente a información obtida mediante a Avaliación Ordinaria. Estas probas poderán incluir materia das tres avaliacións do curso.

Estas probas específicas consistirán en:

1.- Interpretar a só, a parte correspondente de dúas obras, do repertorio total correspondente ó curso no que está matriculado. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, según o criterio do profesorado.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do profesorado, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

As particellas correspondintes poderán conseguirse a petición do interesado, a través do profesorado que imparta a materia, que lle informará sobre o repertorio total do curso no que está matriculado sobre o que versará a proba.

### 4.9.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONXUNTO DAS PROBAS DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

A partires do anterior, os **CRITERIOS DE AVALIACIÓN para as probas** de concesión de AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA na asignatura de CONXUNTO son os seguintes:

**a) Lectura e interpretación.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente.

2º. Coñecer e interpretar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...

3º. Tocar individualmente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras. Valórase:

- Dominio técnico: a produción e calidade do son, vibrato e afinación.
- Realización de dinámicas.
- Fidelidade ó texto atendendo ó ritmo.
- Memoria musical (a necesaria para interaccionar co seu grupo non dependendo da partitura).

4º. Tocar a primeira vista, individualmente, polo menos unha obra propia do nivel.

**b) Actitude.**

1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.

2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).
3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.
4º. Utiliza- lo material axeitado.

A avaliación positiva das probas é necesaria para ampliación de matrícula de todo o conxunto de asignaturas do curso ó que se desexa acceder.

### 4.9.1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONXUNTO DE 1º DE PIANO DAS PROBAS DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

En **3º de Conxunto de Piano**, para que lle sexa concedida a ampliación de matrícula, o alumno que a solicite deberán demostrar estar en posesión dos coñecementos e aptitudes esixidos en cada unha das que tres Avaliacións e que se especifícan máis arriba no apartado "**4.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**". A avaliación será continua e tomaranse en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase. Estará complementada por algunhas probas en clase.

Polo demáis, a proba por ampliación de matrícula consistirá no seguinte:

a) Realización dun exercicio con cuestións de interválica e armaduras das tonalidades.
b) Tocar no piano acordes tríada e de Sétima de Dominante co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
c) Realización ao piano a catro partes dun baixo cifrado usando os enlaces de voces tradicionales.Incluirá triadas maiores, menores e diminuídas en Estado Fundamental.
d) Interpretación ao piano do acompañamento dunha melodía escrito con cifrado Americano. Incluirá tríadas maiores e menores, disminuídas e Sétimas de Dominante.
e) Interpretación ao piano dos blues vistos durante o curso. Improvisación sobre a súa estrutura harmónica.
f) Realización no piano, de dúas sucesións harmónicas a catro partes usando os graos da escala. Uso de diferentes rítmicas.
g) Análise, lectura e transporte dunha peza pianística acompañante ou non.

Os **criterios de avaliación** destas probas son os seguintes:

**-Apartado a):** O alumno disporá de dous minutos para resolver por escrito un exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras e deberá contestalos correctamente todos. É dicir, que se as notas do intervalo polo que se lle pregunta forman, por exemplo, unha 5ª xusta, deberá responder que é unha 5ª xusta e se a tonalidade en cuestión ten, poñamos, tres díeses, ha de responder que tres díeses.
Este exercicio terá carácter eliminatorio. Esto quere dicir que se non pasa esta prueba, habrá suspendido definitivamente o curso.

**-Apartado b):** O alumno terá que tocar no piano de forma inmediata e sen preparación previa un total de vinte acordes dos diferentes tipos indicados. Porá dispoñelos no piano ao seu gusto. Deberá tocalos todos correctamente e sen titubeos. Isto quere dicir que se se lle manda tocar unha acorde de A bemol Maior, debe tocar un acorde de A bemol Maior; se se lle manda tocar un de Fa sostido menor, debe tocar un de Fa sostido menor e así sucesivamente. Este exercicio terá tamén carácter eliminatorio.

Esto quere dicir que se non pasa esta proba, suspendería definitivamente o curso.

**-Apartado c):** O alumno interpretará ao piano a catro voces e cos enlaces harmónicos tradicionais os acordes indicados no baixo dado. Tocará o propio baixo coa man esquerda e as outra tres voces coa derecha. Deberá aterse a un tempo e tocar con regularidade e continuidad. Disporá de dous minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluirá en ningún caso o uso do piano.

**-Apartado d):** Para esta proba, o alumno utilizará guións con melodía e cifrado e deberá tocar tanto o acompañamento só como a melodía co seu acompañamento. Terá que tocar os acordes que en cada guión aparezan, de modo que, se o acorde indicado é poñamos, Do menor, deberá tocar o acorde de Do menor e se o guión indica que o acorde é Mi Mayor, tocará Mi maior. Interpretará as pezas utilizando un deseño rítmico que sirva de acompañamento á melodía e polo tanto, con continuidade rítmica, sen interrupcións nin paradas non indicadas na partitura. Cando acompañe, o xeito de enlazar cada acorde co seguinte seguirá as pautas propias dun acompañamento pianístico, evitando saltos ao pasar dun a outro. Deberá manter o tempo indicado, é dicir, que se se indica que a negra vai a 84 pulsacións por minuto, deberá tocala a 84 pulsacións por minuto.

**-Apartado e):** O alumno deberá interpretar ao piano, de memoria, o blues vistos en clase durante o curso. Terá que aterse ao tempo correspondente e tocar con regularidade e continuidade, sen interrupcións nin paradas non pertinentes. Non poderá usar partitura nin ningún tipo de guión.

**-Apartado f):** Ao alumno presentaránselle dúas sucesións harmónicas con números romanos indicando os graos e deberá interpretalas ao piano a catro partes nas tonalidades, compases e cos ritmos que se lle indique. Ha de tocar os acordes enlazados, sen interrupcións, repeticións nin paradas non indicadas, de modo que haxa continuidade rítmica.

**-Apartado g):** O alumno deberá identificar correctamente os acordes da peza, é dicir, que se hai unha acorde de La Maior, deberá dicir que hai un acorde de La Maior e se o acorde é de Re menor, entón dirá que o acorde é de Re menor. Terá tamén que tocala e transportala ás tonalidades que se lle indique, e todo iso con corrección melódica, harmónica e rítmica, é dicir, que se a partitura pon o Mi, Re, Do, deberá tocar Mi, Re, Do e se pon corchea con punto, pois terá que tocar corchea con puntillo. Terá que o facer respectando o tempo sinalado, ou sexa, que se se indica que a negra vai a 80 pulsacións por minuto, deberá tocar a peza a 80 pulsacións por minuto. Disporá de dez minutos de preparación mental antes de tocar. Esta preparación non incluirá en ningún caso o uso do piano.

### 4.9.1.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONXUNTO DE 3º DE CLAVE DAS PROBAS DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

No caso do **conxunto de clave**, a proba de ampliación de matrícula se basará nos seguintes criterios específicos de avaliación, como mínimos esixibles:

1. Coñecer perfectamente as tonalidades e intervalos.
2. Leer a primeira vista unha obra sinxela e de pouca dificultade.
3. Coñece-la teoría do baixo cifrado no barroco.
4. Realizar baixos cifrados sinxelos do libro de Corrette.

En consoancia có anterior, a proba de ampliación de matrícula no **conxunto de clave** consistirá en:

1. Realizar unha proba teórica sobre intervalos e tonalidades.
2. Repentizar unha obra sinxela e de poca dificultade.
3. Realizar un baixo cifrado dunha pequena obra.

### 4.9.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DAS PROBAS DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para a proba por ampliación de matrícula son equivalentes ós explicados no apartado 4.5., mais aplicados ás probas por ampliación de matrícula.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os criterios de cualificación son os seguintes:

En **todos os conxuntos excepto piano e clave**, a **cualificación** resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos –lectura e interpretación, e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos dous bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **dous bloques**, será media aritmética dos mesmos.

#### 4.9.2.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DE 3º DE PIANO DAS PROBAS DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

No caso de conxunto de 3º de piano, a **cualificación**, resulta da **media aritmética dos criterios** aplicados.

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10.

#### 4.9.2.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DE 3º DE CLAVE DAS PROBAS DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

No caso do **conxunto de clave**, a **cualificación** resulta da **media aritmética dos tres devanditos apartados**, - (A+B+C)/3 -, a saber neste caso:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O conxunto de catro criterios específicos do anterior apartado de clave.

C) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **tres bloques**, tanto no apartado de criterios A), como o B) e C), será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

## 4.10.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. (PROCEDEMENTOS DE ACCESO Ó CURRÍCULO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS).

Os procedementos de acceso ó currículo para alumnado con necesidades específicas, está amparada polo Decreto 229/2011, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que regula a atención á diversidade do alumnado.

O alumnado do conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo, pois ten que compaxinar os estudios de música cos de ensinanzas xerais.

As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que se inician os estudios musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenimento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado, para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. Para tal fin, o profesorado do departamento elaborará un banco de actividades didácticas.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de **procedementos de acceso ó currículo para alumnado con necesidades específicas,** ou expresado doutra forma**,** conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, e de ser o caso, atendendo o informe aportado do alumnado con necesidades específicas, -neste último caso unha vez consultado o departamento, tutor e xefatura de estudios-, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1) ***Adaptacións do material didáctico,*** que ofrezan unha ampla gama de actividaes didácicas que respondan ós diferentes graos de aprendizaxe, como aplicación de exercicios ponte que esmiucen o material musical e facilite a progresiva asimilación polo alumnado.

2) ***Variacións da metodoloxía,*** para adaptala ás necesidades de cada alumno, según sexan as características de aprendizaxe do alumnado (ritmo de aprendizaxe, circunstancias), afectarán á aplicación de metodoloxías (estilo de comunicación na ensinanza, aplicación de exercicios adaptados, traballo das actitudes e motivación…).

3) ***Propoñer actividades de traballo diferenciadas:*** O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas. Neste senso, se proporán actividades secuenciadas de menor a maior dificultade, adaptadas ó ritmo de aprendizaxe do alumnado, có obxectivo da interpretación musical.

4) ***Organizar o traballo de forma flexible*** e con ritmos distintos de aprendizaxe, secuenciando para iso as actividades adaptadas do material didáctico.

5) ***Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos*** adaptándose ó alumno individualmente, reforzando e ampliando os coñecementos que vai adquirindo, coa asociación con experiencias que lle sexan significativas e estimulen a súa aprendizaxe significativa e o seu disfrute da súa integración musical dentro do grupo.

6) A adaptación dos obxectivos, e por tanto dos contidos terá que respetar os ***mínimos esixibles*** fixados na programación para o curso.

A interpretación musical, meta destas ensinanzas, é por definición, un feito diverso, profundamente subxectivo, e no seu resultado sonoro final fusiónanse a mensaxe do compositor contido na obra e a persoal forma de transmiti-lo por parte do intérprete, que fai súa esa mensaxe canalizándoa a través da súa propia sensibilidade. Como en toda tarefa educativa, é o desenrrolo da personalidade e a sensibilidade propias do alumnado, a fin que se persegue aquí, de maneira tanto máis acentuada, en canto que a música é entre outras, un vehículo de expresión de emocións.

Nun proceso de aprendizaxe desta índole, o profesor actuará de guía, dando solucións concretas a problemas igualmente concretos, e no que teña un carácter máis xeral, dará opcións e non impoñerá criterios, orientará e non conducirá cara resultados predeterminados, estimulará e ampliará a receptividade así como a capacidade de resposta do alumnado.

A programación, aberta, nada ríxida, é imprescindibel en materias como esta, conleva acadar unha homoxeneidade do nivel, un ritmo de traballo no grupo, así como unhas obras do repertorio que poidan ser abordadas tecnicamente e á vez cumpran os obxectivos da programación.

Como se pode apreciar na secuenciación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada curso, o currículo desta materia é en espiral, xa que ó longo dos cursos, afiánzanse e amplian os aspectos formulados para o primeiro curso.

O proceso de ensinanza débese enfocar cara a funcionalidade das aprendizaxes, pudindo ser utilizados nas circunstancias reais nas que o alumno as necesite. Por aprendizaxe funcional se entende non só a aplicación práctica do coñecemento adquirido, senon tamén ou feito de que os contidos sexan necesarios e útiles para levar a cabo outras aprendizaxes e para enfrontarse con éxito á adquisición doutros contidos.

Se busca desenvolver desta maneira a **metacoxnición**, como habilidade para aprender como integrante do grupo, e conseguintemente, a autonomía no estudo dentro do mesmo.

As actividades de ensino-aprendizaxe ou exercicios corresponderanse cos contidos desta programación, en función do repertorio a practicar durante o curso. O repertorio de conxuntol corresponderase ó nivel de cada curso, con posibilidade de empregar versións facilitadas ou adaptacións ad hoc, en función do conxunto instrumental dispoñible. Por outra banda, se poderán incluír exercicios de dirección como recurso educativo de ampliación.

O tempo na aula debe estar sumamente organizado, para que despois da lectura dunha obra, se poida comentar analiticamente a súa estrutura, axuste da afinación, e formular un guión de traballo co tempo axeitado para o grupo e poñendo atención ós distintos parámetros da interpretación. Este traballo pode ir seguido con comentarios sobre a época, estilo e o autor, así como dos autores de música para conxunto máis influíntes nese período.

Nunha materia como é Conxunto son imprescindibles o estudio persoal por parte do alumnado, para resolve-las pasaxes ou fragmentos de dificultade, asé como o traballo en equipo para disciplinarse e responsabilizarse mantenindo o ritmo de traballo do grupo na preparación da clase da semana co profesor, nunha simbiose que respecte a dinámica de traballo.

Como xa se din no epígrafe dos procedementos de avaliación, para un correcto seguimento do alumnado na materia de Conxunto, precísase empregar diferentes tipos de **avaliación**. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza. A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- **Avaliación inicial:** é necesaria ó principio de cada curso para detecta-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou cognitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa.
- **Avaliación continua:** Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- **Avaliación formativa:** Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos obxectivos.
- **Avaliación sumativa:** Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente ó final de cada trimestre ou ó final do curso.

## 5. – CURSO 4º DO GRAO PROFESIONAL (ESPECIALIDADES: GUITARRA, PIANO,

**CLAVE E ACORDEÓN).**
## 5.1. OBXECTIVOS.

Os obxectivos xerais da L.O.E. para esta materia son os que se indican a continuación. A ensinanza da práctica de Conxunto no Grao Profesional tenrá como obxectivo contribuir ou desenrrolo das seguintes capacidades no alumnado:

1. Profundizar no coñecemento dos diferentes estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.
2. Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.
3. Respectar as normas que esixe toda actuación en grupo e valorar a interpretación en conxunto como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
4. Aplicar en todo momento a audición polifónica para escoitar simultáneamente as diferentes partes ao mesm
o tempo que se executa a propia demostrando sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
5. Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de xeito que o axuste do son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
6. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
7. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
8. Aplicar con autonomía progresivamente maior los coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
9. Coñecer e realizar os xestos básicos que permitan a interpretación coordinada.
10. Interpretar obras representativas do repertorio do conxunto instrumental de dificultade axeitada ao nivel.

Tanto os obxectivos, como os contidos e criterios de avaliación son unha iniciación no primeiro curso da materia, sobre os que se afonda continuamente ó longo dos seguintes cursos, xa que o currículo no que se fundamenta é en espiral, isto é, que se reforzan e amplian progresivamente os aspectos que se practican dende o comenzo destes estudos.

Os OBXECTIVOS ESPECÍFICOS que desenrolan os xerais e sobre os que se aplicará a avaliación do alumnado, secuencian os xerais anteriores, entorno a catro bloques, que están relacionados entre si. Estes bloques son: Lectura, Interpretación, Público e Actitude.

Según o expresado nos dous parágrafos anteriores, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, consiste nos dous seguintes aspectos:

A) Acadar a metade dos obxectivos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar trimestralmente:

a) Lectura: 3 obxectivos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

b) Interpretación: 3 obxectivos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento

mínimamente esixible dos 6 totais.

c) Público: 1 obxectivo dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.

d) Actitude: 6 obxectivos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante cada trimestre, que é un tercio do repertorio do curso.

En coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación destes mínimos:

A) Acadar a metade dos obxectivos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar:

a) Lectura: 3 obxectivos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
b) Interpretación: 3 obxectivos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
c) Público: 1 obxectivo dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.
d) Actitude: 6 obxectivosdos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

A práctica de Conxunto terá como meta contribuír a desenrrolar no alumnado os obxectivos ou capacidades seguintes:

**a) Lectura.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente todas as obras do curso individual e colectivamente.
2º. Coñecer e manexar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...
3º. Ler, individual e colectivamente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras.
4º. Ler a primeira vista, individual e colectivamente, polo menos unha obra propia do nivel.
5º. Esmiuzar e reforzar dentro do hábito de estudio individual, as pasaxes musicais que presentan unha dificultade motora no momento da lectura, para permitir o progreso na montaxe das obras, e demostrar autonomía no estudio.
6º. Desenvolver a memoria mediante a interpretación, na asimilación das obras.

**b) Interpretación.**

1º. Mostrar unha autocrítica construtiva que enriqueza a formación do criterio de interpretación persoal, e empregar este criterio persoal para valora-la interpretación propia e do grupo dentro do plan de traballo colectivo, a análise dos recursos interpretativos e práctica gradual de obras de diversos estilos e épocas.
2º. Desenvolver progresivamente o oido interno e harmónico prestando atención á afinación, cor e calidade tímbrica axeitados ó contido musical, empaste e o resultado global das partes: igualdade nos golpes de arco e ataques...
3º. Coñecer e responder ós xestos do alumno que exerza como responsable no grupo: anacrusa como movemento básico da práctica orquestral, diferentes tipos de anacrusas...
4º. Experimentar coas posibilidades sonoras do propio instrumento, e afondar

progresivamente para conseguir efectos distintos nunha mesma pasaxe.
5º. Interpretar intervalos consonantes e disonantes de crecente dificultade, como afianzamento da afinación das obras do repertorio.
6º. Analizar versións de obras do repertorio.

**c) Público.**
1º. Participar nos concertos que se organicen co fin de comunicar o repertorio aprendido e reforzar o proceso de aprendizaxe.

2º. Mellorar progresivamente na aplicación das aprendizaxes desenvolvidas no aula á interpretación en público.

**d) Actitude.**
1º. Participar con motivación e superación nas experiencias do propio proceso de aprendizaxe, disfrutando da contribución á unidade sonora do feito musical, mediante a escoita global das partes, como base para integrar a propia parte nesta unidade sonora, adquirindo unha progresiva seguridade persoal niso e valorando esta práctica como preparación para o futuro exercicio profesional.
2º. Autoavaliar e mellorar a percepción persoal do empaste e compenetración da unidade sonora como contribución á formación dun só son, con progresiva capacidade de reacción e reflexos no emprego dos recursos técnicos adecuados en cada momento da interpretación (flexibilidade no emprego de distintos ataques, articulacións, dixitacións, tímbrica, aplicación con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento).
3º. Valorar, respectar e asimilar como algo propio, o comportamento, a cooperación e as normas que levan consigo a actividade de grupo, respondendo ó compromiso que se adquire coa música e compañeiros.
4º. Organizar con responsabilidade o hábito de estudio individual e de grupo, que permita progresar na montaxe das obras:

a) traballando con colaboración entre os compañeiros, con actitude de equipo e flexible, valorando as achegas propias e alleas;

b) participando con agrado e prontitude nas actividades;

c) anotando as indicacións que se acorden sobre a interpretación...

5º. Interesarse pola adquisición e ampliación de coñecementos, información e experiencias de aprendizaxe.
6º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.
7º. Experimentar e valora-lo silencio na práctica en grupo, como base

a) da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo.
b) do traballo en grupo.
c) da afinación a partir de o "a" do óboe, tras os minutos iniciais destinados ó quentamento.

8º. Coñecer e controla-la relaxación no hábito de estudio individual e nas experiencias de grupo (clase, ensaios, concertos,...), mostrando interese en mellorar aspectos concretos sucesivamente, para poder desfroitar progresivamente dunha capacidade comunicativa cada vez máis satisfactoria.
9º. Participar con motivación nos ensaios extraordinarios, que puidesen ser necesarios

para a preparación de concertos.
10º. Utilizar en clase, concertos, ensaios e estudio persoal o material axeitado, e mante-lo en bo estado.
11º. Asistir a clase e ós concertos con puntualidade.
12º. Participar na elaboración e elección de hipotéticos programas de concerto.

Asé, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, conlevará acadar tamén a metade dos obxectivos, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Dito doutra forma, será requisito para a realización da media aritmética, superar os mínimos esixibles de cada bloque –superar mínimamente os obxectivos-.

Asemesmo, en coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación da metade dos obxectivos, que a continuación se enumeran, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

Dito doutra forma, será requisito para a realización da media aritmética, superar os mínimos esixibles de cada bloque –superar mínimamente os obxectivos-.

### 5.1.1. OBXECTIVOS DE 4º DE CONXUNTO DE PIANO.

No **conxunto de 4º de piano**, os obxectivos específicos son os seguintes:
a) Ter **coñecementos musicais básicos**: Afianzar e poñer en práctica os coñecementos e conceptos vistos nos anos anteriores nas diferentes materias de que se compoñen os estudios musicais (interválica, armaduras, cifrados, acordes, enlaces, etc.)
b) **Harmónicos**: Coñecer e practicar os acordes no teclado (formación, posicións, enlaces, etc.)
c) **De análise**: Ter unha comprensión real dos diferentes elementos harmónicos, rítmicos, melódicos e formais que conforman unha peza musical e como consecuencia diso, dos mecanismos propios de diferentes sistemas musicais, especialmente do sistema tonal.
d) **De lectura e transporte**: Aplicar a análise á lectura e transporte de pezas pianísticas acompañantes ou non.
e) **De improvisación**: Aplicar a análise á creación de melodías, acompañamentos ou pezas completas segundo as directrices de cada momento.

### 5.1.2. OBXECTIVOS DE 4º DE CLAVE.

No **conxunto de clave**, ademáis dos obxectivos dos 4 bloques redactados no epígrafe 5.1., se engaden os seguintes obxectivos específicos:

1. Valora-la importancia de ser capaz de acompañar sen a necesidade dun texto con clave obrigado.
2. Ser capaz de ler e interpretar as cifras tal e como aparecen nas partituras da época.
3. Intentar ademáis acadar unha realización do baixo cifrado o máis cercano posible ó que nos propoñen os tratados que han chegado ata os nosos días.
4. Poder acompañar pezas sinxelas se é que se dispón delas no conservatorio.
5. Coñece-lo repertorio a catro mans e dous claves se é que se dispón deste material no conservatorio.
6. Desenrola-la capacidade de lectura a primeira vista.

7. Coñece-lo repertorio do clave por medio das audicións.
8. Acompañar pezas sinxelas de clave obrigado.

## 5.2.- CONTIDOS.

Os contidos xerais da L.O.E. para esta materia son os seguintes. A ensinanza da práctica de Conxunto no Grao Profesional tenrá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das capacidades no alumnado, mediante o traballo dos seguintes contidos:

1. A unidade sonora: respiración, ataque, vibrato, golpes de arco, afinación, articulación, ritmo, fraseo, agóxica, dinámica.
2. Estudio e práctica dúas xestos anacrúsicos necesarios para tocar sen director.
3. Equilibrio sonoro e de planos e control permanente da afinación.
4. Análise e interpretación de obras básicas do repertorio.
5. Práctica de conxunto da agrupación correspondente e traballo gradual do repertorio básico máis subliñable da agrupación correspondente.
6. Valoración do sistema como marco da interpretación.
7. Audicións comparadas de diferentes interpretacións de conxuntos, para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.

Tanto os obxectivos, como os contidos e criterios de avaliación son unha iniciación no primeiro curso da materia, sobre os que se afonda continuamente ó longo dos seguintes cursos, xa que o currículo no que se fundamenta é en espiral, isto é, que se reforzan e amplian progresivamente os aspectos que se practican dende o comenzo destes estudos.

Os CONTIDOS ESPECÍFICOS desenrolan os xerais e sobre eles se aplicará a avaliación do alumnado e secuencian os xerais anteriores.

Según o expresado nos dous parágrafos anteriores, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, consiste nos dous seguintes aspectos:

A) Acadar a metade dos contidos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar trimestralmente:

a) Lectura: 3 contidos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
b) Interpretación: 3 contidos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
c) Público: 1 contido dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.
d) Actitude: 6 contidos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante cada trimestre, que é un tercio do repertorio do curso.

En coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación destes mínimos:

A) Acadar a metade dos contidos específicos dos catro bloques que os vertebran ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Asé habería que superar:

a) Lectura: 3 contidos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente

esixible dos 6 totais.

b) Interpretación: 3 contidos dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.
c) Público: 1 contido dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 2 totais.
d) Actitude: 6 contidos dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos 6 totais.

B) Superar todo o repertorio practicado durante o curso.

Aqueles contidos sobre os que versará a planificación da clase de Conxunto neste curso, contribuíndo á consecución dos obxectivos mencionados, son os seguintes:

**a) Lectura.**

1º. A afinación, a medida e o mantenemento do pulso correctamente en todas as obras do curso, tanto individual como colectivamente.

2º. Coñecemento e manexo das indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...

3º. Lectura, individual e colectiva, das obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras.

4º. Lectura a primeira vista, individual e colectivamente, polo menos dunha obra propia do nivel.

5º. Desmenuzamento e reforzo dentro do hábito de estudio individual, das pasaxes musicais que presentan unha dificultade motora no momento da lectura, para permitir o progreso na montaxe das obras, e o desenrolo dá autonomía no estudio.

6º. Desenrrolo da memoria mediante a interpretación, na asimilación das obras.

**b) Interpretación.**

1º. Desenrrolo da autocrítica construtiva que enriqueza a formación do criterio de interpretación persoal, e emprego do criterio persoal para valora-la interpretación propia e do grupo dentro do plan de traballo colectivo, na análise dos recursos interpretativos e práctica gradual de obras de diversos estilos e épocas.

2º. Desenvolvimento progresivo do oido interno e harmónico poñendo atención á afinación, cor e calidade tímbrica axeitados ó contido musical, empaste e o resultado global das partes: igualdade nos golpes de arco e ataques...

3º. Coñecemento e resposta ós xestos do alumno que exerza como responsable no grupo: anacrusa como movemento básico da práctica orquestral, diferentes tipos de anacrusas...

4º. Experimentación coas posibilidades sonoras do propio instrumento, e afondamento progresivo para conseguir efectos distintos nunha mesma pasaxe.

5º. Interpretación de intervalos consonantes e disonantes de crecente dificultade, como afianzamento da afinación das obras do repertorio.

6º. Análise de versións de obras do repertorio.

**c) Público.**

1º. Participación nos concertos que se organicen coa fin de comunicar o repertorio aprendido e reforzar o proceso de aprendizaxe.

2º. Mellora progresiva na aplicación das aprendizaxes desenvolvidas no aula á interpretación en público.

**d) Actitude.**

1º. Participación con motivación e superación nas experiencias do propio proceso de aprendizaxe, desfroitando da contribución á unidade sonora do feito musical, mediante a escoita global das partes, como base para integrar a propia parte nesta unidade sonora, adquirindo unha progresiva seguridade persoal niso e valorando esta práctica como preparación para o futuro exercicio profesional.

2º. Autoavaliación e mellora da percepción persoal do empaste e compenetración da unidade sonora como contribución á formación dun só son, con progresiva capacidade de reacción e reflexos no emprego dos recursos técnicos adecuados en cada momento da interpretación (flexibilidade no emprego de distintos ataques, articulacións, dixitacións, tímbrica, aplicación con autonomía progresivamente maior dos coñecementos musicais para a improvisación co instrumento).

3º. Valoración, respecto e asimilación como algo propio, do comportamento, a cooperación e as normas que levan consigo a actividade de grupo, respondendo ó compromiso que se adquire coa música e compañeiros.

4º. Organización con responsabilidade do hábito de estudio individual e de grupo, que permita progresar na montaxe das obras:

a) traballando por seccións con colaboración entre os compañeiros, con actitude de equipo flexible, valorando as achegas propias e alleas;
b) interpretando obras reducindo ao mínimo posible o número de alumnado por corda;
c) participando con agrado e prontitude nas actividades;
d) anotando as indicacións que se acorden sobre a interpretación...

5º. Interese pola adquisición e ampliación de coñecementos, información e experiencias de aprendizaxe.

6º. Respecto e desfrute das obras que se interpretan e do coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ó que pertencen.

7º. Experimentación e valoración do silencio na práctica en grupo, como base

a) da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo.
b) do traballo en grupo.
c) da afinación a partir de o "a" do óboe, tras os minutos iniciais destinados ó quentamento.

8º. Coñecemento e control da relaxación no hábito de estudio individual e nas experiencias de grupo (clase, ensaios, concertos, ...), mostrando interese en mellorar aspectos concretos sucesivamente, para poder desfroitar progresivamente dunha capacidade comunicativa cada vez máis satisfactoria.

9º. Participación con motivación nos ensaios extraordinarios, que puidesen ser necesarios para a preparación de concertos.

10º. Utilización en clase, concertos, ensaios e estudio persoal o material axeitado, e mante-lo en bo estado.

11º. Asistencia a clase e ós concertos con puntualidade.

12º. Participación na elaboración e elección de hipotéticos programas de concerto.

Asé, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, conlevará acadar tamén a metade dos contidos, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Dito doutra forma, será requisito para a realización da media aritmética, superar os mínimos esixibles de cada bloque –superar mínimamente os contidos-.

Asemesmo, en coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación da metade dos contidos, que a continuación se enumeran, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

Dito doutra forma, será requisito para a realización da media aritmética, superar os mínimos esixibles de cada bloque –superar mínimamente os contidos-.

### 5.2.1. CONTIDOS DE 4º DE CONXUNTO DE PIANO.

No **conxunto de 4º de piano**, os contidos específicos son os seguintes:

a) **Realización de acompañamentos** ao piano enlazando sucesións de acordes e usando diferentes rítmicas tanto cos acordes placados como acordes despregados. Creación e desenvolvemento de estruturas rítmicas

b) Realización de diferentes tipos de progresións harmónicas no piano, usando como célula V7-I e V7-V7.

c) **Cifrado Americano.** Coñecemento do cifrado. Realización de acompañamentos a partir de guións (só melodía e harmonía) escritos con este tipo de cifrado. Interpretación de melodía e harmonía á vez. Tríadas, Sétimas de Dominante, menores con 7ª e disminuidos con 7ª.

d) **O Blues**: Coñecemento e práctica desta forma musical. Interpretación de diversos blues de doce compases usando tríadas e acordes con 6ª. Pequenas improvisacións baseadas en motivos apropiados seguindo a harmonía das pezas. Todo iso, de memoria, sen a partitura.

### 5.2.2. CONTIDOS DE 4º DE CONXUNTO DE CLAVE.

No **conxunto de clave**, ademáis dos contidos dos 4 bloques redactados no epígrafe 5.2., se engaden os seguintes contidos específicos:

1. Coñecemento das tonalidades, e maneira de aplica-las ó teclado de forma instantánea e intuitiva.
2. Ademáis, ó realizar as cifras, ejecución dentro do ritmo que marca a escritura.
3. Coñecemento dos tratados de Baixo Continuo na medida en que en clase se poida ir dispoñendo de eles.
4. Realización das táboas do tratado de D'Andrieu tal e como indica o seu autor.
5. Practica da lectura a primeira vista utilizando o Microcosmos de Bela Bartok.
6. Realización de audicións do repertorio do clave
7. Acompañamento de pezas sinxelas de clave obrigado.

## 5.3.- RECURSOS DIDÁCTICOS (ENFOQUE METODOLÓXICO).

O enfoque metodolóxico aplicado na aula xurde dunhos principios e circunstancias que se desenrolan na epígrafe **5.10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**, xa que o estilo de aprendizaxe e circunstancias de cada alumno/a son concretos e únicos, e polo tanto, as características de cada proceso de ensinanza-aprendizaxe concretará as especificidades da metodoloxía para cada un dos casos.

Aquí se recollen os instrumentos necesarios para aplicación da metodoloxía.

### 5.3.1. MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Os materiais didácticos son o material curricular (partitura), bibliografía, material audiovisual, asé como as tecnoloxías da información e da comunicación, con fins didácticos para o Conxunto. O profesorado informará ó alumnado dos materiais didácticos necesarios para o proceso de aprendizaxe.

En función do anterior, e de forma orientativa, como material curricular, un listado orientativo de partituras podería ser o que aparece no epígrafe 8 desta programación, referinte ás probas de acceso ós diferentes cursos. Se poderán audicionar gravacións do repertorio traballado en distintos formatos, asé como bibliografía sobre aspectos da práctica en conxunto e banco de actividades ou apuntes elaborados polo propio profesorado.

### 5.3.2. RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS.

Os recursos humáns están representados polas persoas que interveñen no proceso educativo, a saber, o alumnado, o profesorado, os órganos de goberno do centro e os pais e/ou titores, fundamentalmente; os recursos mínimos se recollen no Real Decreto 303/2010 sobre os requisitos mínimos que han de cumprir os centros que imparten ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006 da Educación. Contextualizados neste centro os recursos materiais son os seguintes:

1. Aula con espazo abondo para albergar un grupo estabel de Conxunto.
2. En cada aula, un ou dous pianos cos seus asentos regulables (mínimo tres pianos electrónicos e ordenador, no caso do Conxunto de 4º).
3. En cada aula, reprodutor de CD, metrónomo, atrís, sillas e lousa pautada.
4. No departamento, reprodutor de DVD, televisor e gravadora dixital.
5. No centro, videocámara dixital.
6. Sala de audicións, cabinas de estudio e biblioteca.
7. Auditorio, con equipo de gravación.
8. Na biblioteca, ordenadores con conexión a Internet, como tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten o acceso a materiais didácticos, información en materia de educación, asé como a comunicación entre o/as integrantes da comunidade educativa.

### 5.3.3. MEDIOS.

Son o propio sistema educativo, a L.O.E. na súa concreción autonómica, os documentos de organización do centro, incluída esta programación de Conxunto e a linguaxe técnica empregada.

## 5.4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os criterios xerais da L.O.E. para esta materia son os que a continuación se especifican. A ensinanza da práctica de Conxunto no grao profesional tenrá como obxectivo contribuír ou desenrrolo das capacidades no alumnado, o que se avaliará mediante os seguintes criterios de avaliación:

1. Interpretar obras do repertorio propio da agrupación correspondente.
   *Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de unificación do criterio interpretativo entre todos os compoñentes do grupo e o equilibrio sonoro entre as partes.*
2. Actuar como responsabel do grupo dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede.
   *Mediante este criterio preténdese verificar que o alumnado ten un coñecemento global da partitura e sabe utilizar os xestos necesarios da concertación. Asemade pódense valorar os seus criterios sobre a unificación do son, timbre, vibrato, afinación e fraseo.*
3. Ler a primeira vista unha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.
   *Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía na lectura dun texto, así como o seu grao de fluidez e comprensión da obra.*
4. Estudar na casa as obras correspondintes ó repertorio programado.
   *Mediante este criterio preténdese avaliar lo senso da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro do mesmo e o respecto pola interpretación musical.*
5. Interpretar en público obras do repertorio para conxunto.
   *Este criterio serve para comprobar a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ó carácter e ó estilo da música interpretada.*
6. O alumnado debe mostra-los coñecementos mediante a interpretación das obras de estilo traballadas na aula.
   *Verifícase así a asimilación e superación dos contidos do curso. Valórase:*
   - *o desenrrolo técnico e nivel adquirido;*
   - *a produción do son;*
   - *a calidade do son, dinámicas, vibrato e afinación;*
   - *fidelidade ou texto, mediante o control das pasaxes musicais, así como o seu dominio técnico;*

   *Tamén, na execución en grupo valórase:*
   - *a interpretación musical, en canto o carácter e estilo;*
   - *a memoria musical;*
   - *o equilibrio sonoro cos instrumentos que lle acompañan.*

Tanto os obxectivos, como os contidos e criterios de avaliación son unha iniciación no primeiro curso da materia, sobre os que se afonda continuamente ó longo dos seguintes cursos, xa que o currículo no que se fundamenta é en espiral, isto é, que se reforzan e amplian progresivamente os aspectos que se practican dende o comenzo destes estudos.

Os CRITERIOS ESPECÍFICOS que desenrolan os xerais e sobre os que se

aplicará a avaliación do alumnado e secuencian os xerais anteriores, corresponíndose directamente cos obxectivos e contidos deste curso.

Según o expresado nos dous parágrafos anteriores, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, **os mínimos exixibles** para aprobar a asixnatura cada trimestre, consiste en acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques que os vertebran, asé como o repertorio practicado. Asé habería que superar trimestralmente:

A) Acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. (50%). Desta forma se valorarán a aprendizaxe e o coñecemento adquirido do repertorio dunha forma específica e detallada. Asé habería que superar trimestralmente:

a) Lectura: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
b) Interpretación: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
c) Público: 1 criterio dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
d) Actitude: 6 criterios dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

B) Superar todo o repertorio practicado durante cada trimestre, que é un tercio do repertorio do curso (50%). Desta forma se valorarán a aprendizaxe e o coñecemento adquirido do repertorio dunha forma máis global.

En coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación destes **mínimos exixibles**:

A) Acadar a metade dos criterios específicos dos catro bloques que os vertebran, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. (50%). Asé habería que superar:

a) Lectura: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
b) Interpretación: 3 criterios dos 6 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
c) Público: 1 criterio dos 2 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.
d) Actitude: 6 criterios dos 12 totais, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

B) Superar todo o repertorio practicado durante o curso. (50%).

A continuación se concretan os criterios que conteñen os bloques de Lectura, Interpretación, Público e Actitude.

**a) Lectura.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente todas as obras do curso individual e colectivamente.

2º. Coñecer e manexar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...

3º. Ler, individual e colectivamente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita

progresar na montaxe das obras.
4º. Ler a primeira vista, individual e colectivamente, polo menos unha obra propia do nivel.
5º. Esmiuzar e reforzar dentro do hábito de estudio individual, as pasaxes musicais que presentan unha dificultade motora no momento da lectura, para permitir o progreso na montaxe das obras, e demostrar autonomía no estudio.
6º. Desenvolver a memoria mediante a interpretación, na asimilación das obras.

**b) Interpretación.**
1º. Mostrar unha autocrítica construtiva que enriqueza a formación do criterio de interpretación persoal, e empregar este criterio persoal para valora-la interpretación propia e do grupo dentro do plan de traballo colectivo, a análise dos recursos interpretativos e práctica gradual de obras de diversos estilos e épocas.
2º. Desenvolver progresivamente o oido interno e harmónico prestando atención á afinación, cor e calidade tímbrica axeitados ó contido musical, empaste e o resultado global das partes: igualdade nos golpes de arco e ataques...
3º. Coñecer e responder ós xestos do alumno que exerza como responsable no grupo: anacrusa como movemento básico da práctica orquestral, diferentes tipos de anacrusas...
4º. Experimentar coas posibilidades sonoras do propio instrumento, e afondar progresivamente para conseguir efectos distintos nunha mesma pasaxe.
5º. Interpretar intervalos consonantes e disonantes de crecente dificultade, como afianzamento da afinación das obras do repertorio.
6º. Analizar versións de obras do repertorio.

**c) Público.**
1º. Participar nos concertos que se organicen co fin de comunicar o repertorio aprendido e reforzar o proceso de aprendizaxe.
2º. Mellorar progresivamente na aplicación das aprendizaxes desenvolvidas no aula á interpretación en público.

**d) Actitude.**
1º. Participar con motivación e superación nas experiencias do propio proceso de aprendizaxe, disfrutando da contribución á unidade sonora do feito musical, mediante a escoita global das partes, como base para integrar a propia parte nesta unidade sonora, adquirindo unha progresiva seguridade persoal niso e valorando esta práctica como preparación para o futuro exercicio profesional.
2º. Autoavaliar e mellorar a percepción persoal do empaste e compenetración da unidade sonora como contribución á formación dun só son, con progresiva capacidade de reacción e reflexos no emprego dos recursos técnicos adecuados en cada momento da interpretación (flexibilidade no emprego de distintos ataques, articulacións, dixitacións, tímbrica, aplicación con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento).
3º. Valorar, respectar e asimilar como algo propio, o comportamento, a cooperación e as normas que levan consigo a actividade de grupo, respondendo ó compromiso que se adquire coa música e compañeiros.
4º. Organizar con responsabilidade o hábito de estudio individual e de grupo, que permita progresar na montaxe das obras:

a) traballando con colaboración entre os compañeiros, con actitude de equipo e

flexible, valorando as achegas propias e alleas;

b) participando con agrado e prontitude nas actividades;

c) anotando as indicacións que se acorden sobre a interpretación...

5º. Interesarse pola adquisición e ampliación de coñecementos, información e experiencias de aprendizaxe.

6º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.

7º. Experimentar e valora-lo silencio na práctica en grupo, como base

a) da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo.
b) do traballo en grupo.
c) da afinación a partir de o "a" do óboe, tras os minutos iniciais destinados ó quentamento.

8º. Coñecer e controla-la relaxación no hábito de estudio individual e nas experiencias de grupo (clase, ensaios, concertos,...), mostrando interese en mellorar aspectos concretos sucesivamente, para poder desfroitar progresivamente dunha capacidade comunicativa cada vez máis satisfactoria.

9º. Participar con motivación nos ensaios extraordinarios, que puidesen ser necesarios para a preparación de concertos.

10º. Utilizar en clase, concertos, ensaios e estudio persoal o material axeitado, e mante-lo en bo estado.

11º. Asistir a clase e ós concertos con puntualidade.

12º. Participar na elaboración e elección de hipotéticos programas de concerto.

Asé, a avaliación **trimestral** positiva, é dicir, aprobar a asignatura cada trimestre, conlevará acadar tamén a metade dos criterios, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos. Dito doutra forma, será requisito para a realización da media aritmética, superar os mínimos esixibles de cada bloque –superar mínimamente os criterios-.

Asemesmo, en coherencia coa avaliación trimestral devandita, a avaliación **final** positiva para poder promocionar ó seguinte curso, consiste na superación da metade dos criterios, que a continuación se enumeran, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

Dito doutra forma, será requisito para a realización da media aritmética, superar os mínimos esixibles de cada bloque –superar mínimamente os criterios-.

### 5.4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 4º DE CONXUNTO DE PIANO.

No **conxunto de 4º de piano**, os criterios de avaliación específicos son os seguintes. Nas diferentes avaliacións, os alumnos deberán ter os coñecementos e aptitudes que se especifican a continuación. Dado que os esixidos en cada avaliación (e en cada curso) son a base para estudios posteriores de maior complexidade, como **mínimos esixibles,** os alumnos deberán acreditar en cada evaluación, estar en posesión dos coñecementos e habilidades traballados anteriormente, ou ben, un coñecemento mínimamente esixible dos mesmos.

**Primeira Avaliación**

a) Coñecer de maneira clara, rápida e segura os intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades maiores e menores.
b) Coñecer todas as tríadas maiores, menores e diminuídas e os doce acordes de Dominante con 7ª no teclado.
c) Interpretación de blues usando acordes tríada e maiores con 6ª.
d) Coñecer os símbolos do cifrado Americano para os acordes tríada e os de Dominante con 7ª.

**Segunda Avaliación**
a) Coñecer de maneira clara, rápida e segura os intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.
b) Coñecer os acordes tríada, os de Sétima de Dominante e os menores con 7ª no teclado.
c) Coñecer os símbolos do cifrado Americano para os acordes tríada e os de Sétima de Dominante e os menores con 7ª. Interpretación de pezas usando eses cifrados.
d) Interpretar blues usando acordes tríada e maiores con 6ª. Improvisar sobre a súa estructura harmónica.
e) Realizar o enlace V7-I, e progresións usando o círculo de quintas.

**Terceira Avaliación**
a) Coñecer de maneira clara, rápida e segura os intervalos e as armaduras das diferentes tonalidades Maiores e menores.
b) Coñecer os acordes tríada, os de Sétima de Dominante, os menores con 7ª e os disminuídos con 7ª no teclado.
c) Realizar ao piano fórmulas acompañantes como soporte dunha melodía dada, usando o cifrado Americano. Interpretar guións, tocando melodía e harmonía acompañante á vez. Usar tríadas, Sétimas de Dominante, menores con 7ª e disminuídos con 7ª.
d) Realizar o enlace V7-I e o V7-V7, e progresións usando o círculo de quintas.
e) Interpretar blues usando acordes tríada e maiores con 6ª. Improvisar sobre a súa estrutura harmónica.

### 5.4.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE 4º DE CONXUNTO DE CLAVE.

No **conxunto de clave**, ademáis dos criterios dos 4 bloques redactados no epígrafe 5.4., se engaden os seguintes criterios específicos:

1. Coñecer perfectamente as tonalidades e intervalos.
2. Ler a primeira vista unha obra sinxela e de pouca dificultade.
3. Coñece-la teoría do baixo cifrado no barroco.
4. Realizar baixos cifrados sinxelos do libro de Corrette.
5. Acompañar pezas de clave obrigado.

### 5.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os criterios de cualificación están en función dos criterios de avaliación do epígrafe anterior. Tanto a **cualificación trimestral** como a **final**, resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de <u>bloques de criterios específicos</u> -lectura, interpretación, público e

actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos catro bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **catro bloques**, será media aritmética dos mesmos.

### 5.5.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE 4º DE PIANO.

No caso de conxunto de 4º de piano, a **cualificación trimestral** e a **final**, resulta da **media aritmética dos criterios aplicados en cada trimestre**, a saber, 4 no primer trimestre, 5 no segundo, e 5 no terceiro.

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10.

### 5.5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DE 4º DE CLAVE.

Tamén, no caso do conxunto de clave, de forma semellante á cualificación dos cursos anteriores, a **cualificación trimestral** e a **final**, resulta da **media aritmética dos tres devanditos apartados**, - (A+B+C)/3 -, a saber neste caso:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O conxunto de cinco criterios específicos do anterior apartado de clave.

C) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **tres bloques**, tanto no apartado de criterios A), como o B) e C), será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

## 5.6. – PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

### 5.6.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS.

Para un correcto seguimento do alumnado na materia de Conxunto, precísase empregar diferentes tipos de **avaliación**. A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Os procesos de avaliación teñen por obxecto, valorar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos mesmos da ensinanza.

A avaliación debe servir para analiza-la información recibida, a intervención

pedagóxica e a asimilación dos coñecementos, formulándose a posteriori a posibilidade das reaxustes oportunas.

Os diferentes tipos de avaliación que se empregan son:

- **Avaliación inicial:** é necesaria ó principio de cada curso para detecta-lo nivel de coñecementos de partida que ten o alumnado e coñecer tamén o nivel do alumnado que se incorpora doutros centros. Así se detectan as necesidades educativas especiais, como carencias e coñecementos previos sobre a materia, e outras que poidan ser de índole física e/ou coxnitiva-emocional, para que a actuación pedagóxica sexa útil e a produza unha aprendizaxe significativa. Esta avaliación inicial versará sobre as experiencias previas do alumnado, en relación cos obxectivos e contidos de cada curso.
- **Avaliación continua:** Permite constata-la evolución e desenvolvemento práctico do alumnado durante o curso académico.
- **Avaliación formativa**: Realízase durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, e utilízase para detectar posibles erros de plantexamento e establecer o nivel de consecución dos objectivos.
- **Avaliación sumativa:** Realízase cando hai que obter un resultado concreto, principalmente ó final de cada trimestre ou ó final do curso.

Os **procedementos de avaliación** dos conceptos, procedementos e actitudes practicados en cada curso son a observación e a audición, utilizando **instrumentos de avaliación** como:

- os exercicios realizados na aula e no estudio persoal e en grupo sobre o repertorio;
- a secuenciación do estudio persoal e ensaios de grupo para a preparación da clase semanal, audicións e outras actividades que se organicen;
- as audicións en directo, en soporte visual e audio;
- os exercicios en soporte gráfico (exercicios escritos, rexistros de autoavaliación e coavaliación).

A este respecto, o departamento de Orquestra, Banda, Coro, Música de Cámara e Conxunto, organiza un calendario de actuacións nas que o alumnado presenta en público un programa axeitado ó seu nivel, demostrando así a súa capacidade comunicativa, calidade artística, capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade musical, como compoñente da Orquestra ou Banda.

No caso concreto de **Conxunto de 4º de piano,** a avaliación será continua e tomaranse en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase. Estará complementada por algunhas probas no aula. Delas, a que se refire a interválica e armaduras das tonalidades, será eliminatorio, é dicir, que se non se supera, non se aproba a avaliación correspondente. Poderá ser oral ou escrita e realizarse en calqueira momento do curso. En caso de ser escrita, consistirá nun exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras, deberá estar totalmente correcta e o alumno disporá de dous minutos para realizala.

Tamén será condición imprescindible para aprobar, demostrar que se coñecen os acordes tratados durante o curso. O alumno deberá simplemente tocar no piano os

acordes que lle indiquen. Porá dispoñelos no teclado ao seu gusto e haberá de facelo con rapidez e seguridade, mostrando que os coñece sen titubeos.

Ao final de curso, e con independencia do nivel alcanzado noutras materias da materia, todos os alumnos deberán facer as dúas probas sobre as citadas cuestións de interválica e armaduras das tonalidades e sobre o coñecemento dos acordes tratados. Pasar estas probas será condición imprescindible para aprobar o curso.

### 5.6.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS.

### 5.6.2.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

Se prevén procedementos de avaliación alternativos para o alumnado que perde a avaliación continua.

Establécese que con **catro fallas de asistencia** sen xustificar, o alumnado perde o dereito á avaluación continua, mais non o dereito a asistir ás clases semanais. Ó final do curso terá que facer unha proba co profesor da materia, que verse sobre os contidos correspondentes ó seu curso, interpretando en grupo interpretando **xunto ós seus compañeiros de clase**.

O profesorado da materia informará ó alumnado que perda a avaliación continua das partes e repertorio sobre os que versará a proba. Esta información se poderá facilitar a petición do alumnado interesado, através de diversos canles, coma a propia clase, as tutorías ou correo electrónico, preferintemente.

A proba consistirá en:

1. - Interpretar obras de conxunto, **xunto ós seus compañeiros de clase**, se é o caso da especialidade (ver a especificidade de Conxunto de Piano e Clave, máis abaixo). Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

### 5.6.2.1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA proba por Pérdida de Avaliación Continua son os seguintes:

**a) Lectura e interpretación.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente e colectivamente.

2º. Coñecer e interpretar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...

3º. Tocar individualmente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras. Valórase:

- Dominio técnico: a produción e calidade do son, vibrato e afinación.
- Realización de dinámicas.

- Fidelidade ó texto atendendo ó ritmo.
- Memoria musical (a necesaria para interaccionar co seu grupo non dependendo da partitura).

4º. Tocar a primeira vista individualmente, polo menos unha obra propia do nivel.

**b) Actitude.**
1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.
2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).
3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.
4º. Utiliza- lo material axeitado.

### 5.6.2.1.1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONXUNTO DE 4º DE PIANO POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

No caso do **Conxunto de 4º de piano**, se o número de faltas do alumnado a clase impedise a súa avaliación ordinaria ou o fixese perder o seu dereito á Avaliación Continua, poderáselle avaliar por medio dun exame que versará sobre os apartados que a continuación se sinalan nestes Criterios de Avaliación. Se esta circunstancia se dera ao final do curso, o exame poderá incluir materia das tres Avaliacións.

Polo demáis, a proba por pérdida de avaliación continua consistirá no seguinte:

a) Realizar un exercicio con cuestións de interválica e tonalidades.
b) Tocar no piano acordes tríada, de Sétima de Dominante e menores con 7ª co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
c) Realizar progresións usando o enlace V7-I.
d) Interpretar ao piano, tanto o acompañamento só, como a melodía xunto co seu acompañamento, de varias melodía, das cales, a harmonía estea escrita con cifrado Americano. Incluirá tríadas, Sétimas de Dominante, menores con 7ª e disminuidos con 7ª.
e) Interpretar ao piano os blues vistos durante o curso, ou ben, outros de similar dificultade axeitados a este curso. Improvisación sobre a súa estructura harmónica.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**-Apartado a):** O alumno disporá de dous minutos para resolver por escrito un exercicio con 10 intervalos e 10 armaduras e deberá contestalos correctamente todos. É dicir, que se as notas do intervalo polo que se lle pregunta forman, por exemplo, unha 5ª xusta, deberá responder que é unha 5ª xusta e se a tonalidade en cuestión ten, poñamos, tres díeses, ha de responder que tres díeses.
Este exercicio terá carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non pasa esta proba, suspendería definitivamente o curso.

**-Apartado b):** O alumno terá que tocar no piano de forma inmediata e sen preparación previa un total de trinta acordes dos diferentes tipos indicados. Poderá dispoñelos no

piano ao seu gusto. Deberá tocalos todos correctamente e sen titubeos. Isto quere dicir que se se lle manda tocar unha acorde de A bemol Maior, debe tocar un acorde de A bemol Maior; se se lle manda tocar un de Fa sostido menor, debe tocar un de Fa sostido menor e así sucesivamente. Este exercicio terá tamén carácter eliminatorio. Isto quere dicir que se non pasa esta proba, suspendería definitivamente o curso.

**-Apartado c):** O alumno deberá tocar unha progresión en círculo de quintas, usando o enlace V7-I a catro voces en Estado Fundamental, nas posicións e co ritmo que se lle indique. Ao igual que no Baixo cifrado, deberá aterse a un tempo e tocar con regularidade e continuidade.

**-Apartado d):** Para esta proba, o alumno utilizará guións con melodía e cifrado e deberá tocar tanto o acompañamento só, como a melodía co seu acompañamento. Terá que tocar os acordes que en cada guión aparezan, de modo que, se o acorde indicado é, poñamos, Do menor, deberá tocar o acorde de Do menor e se o guión indica que o acorde é Mi Maior, tocará Mi maior. Interpretará as pezas utilizando un deseño rítmico que sirva de acompañamento á melodía e polo tanto, con continuidade rítmica, sen interrupcións nin paradas non indicadas na partitura. Cando acompañe, o xeito de enlazar cada acorde co seguinte seguirá as pautas propias dun acompañamento pianístico, evitando saltos ao pasar dun a outro. Deberá manter o tempo indicado, é dicir, que se se indica que a negra vai a 84 pulsacións por minuto, deberá tocala a 84 pulsacións por minuto.

**-Apartado e):** O alumno deberá interpretar ao piano, de memoria, o blues vistos en clase durante o curso, ou ben outros de similar dificultade axeitados en este curso. Tamén terá que improvisar lineas melódicas sobre a sua estrutura harmónica. Terá que aterse ao tempo correspondente e tocar con regularidade e continuidade, sen interrupcións nin paradas non pertinentes. Non poderá usar partitura nin ningún tipo de guión.

## 5.6.2.1.1.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CONXUNTO DE 4º DE CLAVE POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.

No caso do **conxunto de clave**, a proba por pérdida de avaliación continua se basará nos contidos traballados trimestralmente, os cales formarán parte dos seguintes criterios específicos de avaliación, como mínimos esixibles:

1. Coñecer perfectamente as tonalidades e intervalos.
2. Leer a primeira vista unha obra sinxela e de pouca dificultade.
3. Coñece-la teoría do baixo cifrado no barroco.
4. Realizar baixos cifrados sinxelos do libro de Corrette.
5. Acompañar pezas de clave obrigado.

En consoancia có anterior, a proba por pérdida de avaliación continua no **conxunto de clave** consistirá en:

1. Examen de tonalidades e intervalos.
2. Realización dun cifrado propuesto polo tribunal.
3. Realizar dúas das tablas do tratado de D'Andrieu propuestas polo profesor.
4. Práctica da lectura a primeira vista dun fraxmento.
5. Acompañar dúas pezas sinxelas de clave obrigado.

## 5.6.2.1.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN

**CONTINUA.**

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para a proba por Pérdida de Avaliación Continua son equivalentes ós explicados no apartado 5.5., mais aplicados ás probas por pérdida de avaliación continua.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os criterios de cualificación son os seguintes:

En **todos os conxuntos excepto piano e clave**, a **cualificación** resulta da **media aritmética dos dous devanditos apartados**, - (A+B)/2 -, a saber:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos –lectura e interpretación, e actitude-, (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

Por outra banda, cada un dos criterios dos dous bloques, se puntuará de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **dous bloques**, será media aritmética dos mesmos.

**5.6.2.1.2.1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DE 4º DE PIANO POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.**

No caso de conxunto de 4º de piano, a **cualificación**, resulta da **media aritmética dos criterios** aplicados.

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10.

**5.6.2.1.2.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CONXUNTO DE 4º DE CLAVE POR PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA.**

No caso do **conxunto de clave**, a **cualificación** resulta da **media aritmética dos tres devanditos apartados**, - (A+B+C)/3 -, a saber neste caso:

A) O conxunto de bloques de criterios específicos (que valoran de maneira específica e detallada o coñecemento do repertorio e as circunstancias do seu aprendizaxe).

B) O conxunto de cinco criterios específicos do anterior apartado de clave.

C) O apartado da práctica do repertorio (que valora o seu coñecemento dunha forma global).

De forma análoga ó resto de conxuntos, os criterios dos apartados de bloques anteriores, se puntuarán de 0 a 10, sendo a **cualificación de cada bloque** a media aritmética dos criterios que o compón. Á vez, a **cualificación** resultante dos **tres bloques**, tanto no apartado de criterios A), como o B) e C), será media aritmética dos mesmos.

En todo caso se terá en conta as características do aprendizaxe do alumnado, para valorar o mesmo xustificada e individualizadamente.

**5.6.2.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA UNHA ASIGNATURA PENDENTE.**

O alumnado que teña pendente de aprobar a asignatura de CONXUNTO do curso anterior ó que estea matriculado terá dereito de asistir ás clases da materia pendente, polo que a avaliación será continua e tomaranse en conta a asistencia, o rendemento e a participación na clase, culminando a avaliación continua, na calificación de final de curso.

Sen embargo, no suposto de perder a avaliación continua ou ter que aterse a uns contidos mínimos, se realizará unha proba, que verse sobre os contidos correspondintes ó curso pendente de aprobar. Se o número de faltas de asistencia se da a final de curso, o examen poderá incluir materia das tres avaliacións.

Así, a proba consistirá en:

1. - Interpretar a só dous obras do repertorio total do curso pendente de aprobar, e que o profesor decidirá no momento da proba (ver a especificidade do Conxunto de Piano e Clave máis abaixo). Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. – Ler a primeira vista a capella un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

As particellas correspondentes poderán conseguirse a petición do interesado, a través do profesorado que imparta a materia. Valorarase ademais o interese en conseguir con prontitude as particellas que permita a súa preparación para a proba.

### 5.6.2.2.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA OS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ALTERNATIVOS PARA UNHA ASIXNATURA PENDENTE.

No caso de haber faltado regularmente e non ter datos suficentes sobre a traxectoria da aprendizaxe do alumnado, os CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA proba por Pérdida de Avaliación Continua son os seguintes:

**a) Lectura e interpretación.**

1º. Afinar, medir e manter o pulso correctamente nas obras individualmente.

2º. Coñecer e interpretar as indicacións contidas no repertorio, sobre dinámica, agóxica, fraseo, articulación...

3º. Tocar individualmente, as obras propias do nivel, coa fluidez que permita progresar na montaxe das obras. Valórase:

- Dominio técnico: a produción e calidade do son, vibrato e afinación.
- Realización de dinámicas.
- Fidelidade ó texto atendendo ó ritmo.
- Memoria musical (a necesaria para interaccionar co seu grupo non dependendo da partitura).

4º. Tocar a primeira vista individualmente, polo menos unha obra propia do nivel.

**b) Actitude.**

1º. Respectar e desfroita-las obras que se interpretan e có coñecemento dos recursos interpretativos que as fan únicas dentro do estilo e época ao que pertencen.

2º. Experimentar e valora-lo silencio (necesario para a práctica en grupo, como base da concentración e escoita tanto das outras partes, coma da propia dentro do grupo).

3º. Coñecer e controla-la relaxación individual.
4º. Utiliza- lo material axeitado.

